

MEMORIA ANUAL CURSO 2022-2023



CEIP A RÚA CANGAS

ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN

1. AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS NO PLAN XERAL ANUAL

2. NÚMERO DE ALUMNOS/AS

3. HORARIOS

4. LIBROS DE TEXTO, ESPAZOS E MATERIAL

6. CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

7. RELACIÓNS COA ANPA

8. MEMORIA DOS CURSOS

9. MEMORIA DE RELIXIÓN

10. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

11. MEMORIA DA AULA DE AUDICIÓE E LINGUAXE

12. MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

13. DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA

14. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

15. DINAMIZACIÓN DAS TIC

16. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

18. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

19. SECCIÓN BILINGÜES

0. INTRODUCCIÓN

Coa volta á normalidade no curso 2022-2023, tivéronse que retomar temas como horarios de patio ou clase, xa que estes dous anos por mor do COVID, foran reestruturados, polo que era importante retomar o xeito de organizarse a partires de agora. Establecese unha primeira hora máis longa para realizar asembleas, dunha duración de 75 minutos e a saída ao patio ás 12.20 para primaria e 11:30 para infantil. Así como establecer os horarios das entradas amables a partires das 9:20.

1. AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS NO PLAN XERAL ANUAL

Obxectivo1 : Mellorar o entono físico do centro.

Indicadores:

- ***Crear espazos que fomenten o desenvolvemento das intelixencias múltiples e do desfrute.*** Creáronse espazos diferenciados nos corredores de primaria, espazo de lectura e volta a calma, de xogos de mesa, artístico, de construción... Así como a creación da aula de ciencias, situada ao final do corredor de primaria. No patio do colexio, creouse unha biblio exterior, gracias as ideas do alumando e a comisión creada para a súa realización, formada por alumando de todos os cursos e etapas.
- ***Crear un espazo de calma e tranquilidade que alumnado poida***

empregar no caso de sentirse ansioso, asustado, preocupado,
Chámado a Coviña de Roni, este ano non se lle deu moito uso, pese a que o material de relaxación foi levado as aulas, por iso o vindeiro ano, darémoslle un novo uso, crearemos un espazo de reunión para as actividades de mediación ou outros menesteres.

- **Crear un espazo científico con útiles de laboratorio.** Conseguimos un espazo que funcionara a partires do 2º ciclo de Primaria, aínda que xa se comezou , este curso, con iniciativas dende infantil. Esperemos co ano que ven se vaia mellorando con materiais creados polos nenos.
- Aínda así, mercouse unha nova estación meteorolóxica, cartas e gafas de realidade aumentada sobre o corpo humano os planetas e outros materiais, ademais de maquetas creadas polo alumando.
- **Pintar portas dos baños do alumnado e dos vestiarios.** Non se realizou, debe ser un proxecto que parta de plástica e vímonos inmersos noutros proxectos que consumiron ese tempo, quedará como un obxectivo para o vindeiro ano.
- **Crear patios inclusivos empregados como espazos de aprendizaxe.** O patio este ano, quedou un pouco paralizado, xa que para facer todo o que queremos, debemos pedir permisos e levan o seu tempo, ademais mercáronse materiais que poderán ser empregados no patio o vindeiro curso, como por exemplo: o de formas as cabanas.

Obxectivo 2: Fomentar a participación do claustro na vida do centro e os grupos de profesorado

Indicadores:

Continuar cos grupos de traballo por temáticas (matemáticas, ciencias e linguas): Os grupos de traballo funcionaron mellor no 1º e 2º ciclo que en 3º ciclo, debido tamén as características dos grupos, polo que nese último curso, como mestres debemos darlle unha volta para ver cales puideron ser os problemas xurdidos.

Continuar coas liñas do PFPP e seguir tomando decisións conxuntas no ámbito da

Educación Inclusiva e coeducativa. Obxectivos acadado xa que continuamos en varios PFP: dixital, lectoescritura, patios, matemáticas manipulativas, escolas vivas, círculos restaurativos...que xa comezamos o ano pasado, e incluímos a maiores, o de creación de ambientes en primaria.

Benvida do novo profesora e acompañamento para favorecer a inserción na nosa metodoloxía de traballo. Dende o principio de curso acompañamos as mestras novas, para facilitar o traballo sen libros de textos e en Preguntoiros, o acompañamento foi realizado pola compañeira de ciclo, polo que podemos dicir que todos os mestres traballamos na mesma liña de traballo.

Promover estratexias de manexo na resolución de problemas para o persoal do comedor. Establecéronse pautas tratadas na 1º reunión de convivencias: como a mestura de grupos, encargados de mesa... Este ano podemos dicir que funcionou moito mellor, sen ningún tipo de queixa por partes de usuarios ou monitoras.

Obxectivo 3: Mellorar a relación entre o alumnado de distintos ciclos, niveis ou etapas.

Indicadores:

Realizar presentación , experimentos conxuntos con outros ciclos nos Preguntoiros...

Coa volta das costumes da pandemia, foi bastante difícil esta unión de ciclos, amosando problemas entre eles, en especial no 3º ciclo, non querendo realizar traballos conxuntos ou queixándose constantemente.

Realizar actividades semanais de cohesión grupal por nivel. As actividades realizadas nas asembleas por curso, foron frutíferas , aínda que en 6º, pese a ser realizadas habitualmente, costou moito mellorar a relación grupal, conseguindo en ocasións todo o contrario.

Nomear alumnos/as , titores/as de 3º ciclo para o alumando de Educación Infantil. Esta experiencia foi positiva, maiores e pequenos estaban encantados de recoller e acompañar os pequenos ao bus, xurdiron bonitos lazos entre eles.

Obxectivo 4: Mellorar a relación familia-escola, comedor e comunidade educativa en xeral.

Indicadores:

- **Continuar coa escola de familias.** Os pais e nais do centro están moi contentos con esta actividade, polo que outro ano máis sabemos que é preciso este espacio de conexión entre eles, no que falar e compartir dúbidas e preocupacións. Este ano houbo moitas dúbidas relativas as novas tecnoloxías, polo que se mercaron libros que solicitaron na escola de familias sobre este temática, ademais, un pai do centro ofreceuse a crear unha páxina na que aborda este tema, colgouse información na páxina do centro e está a disposición de todos/as.
- **Impulsar iniciativas de respecto polo río Saiñas, de coidado da contorna próxima ao centro (vertedoiro do aparcamento...)** así como impulsar a convivencia, a inclusión e a mellora das instalacións do centro e do patio. Realizáronse dúas batidas de limpeza no río, unha andaina poética, 5º unha saída para analizar as árbores que rodean. En 2º ciclo de primaria, realizaron unha saída seguindo o curso do río e investigando a flora e a fauna do lugar. En 4º curso quedou pendente a realización dunha actividade do Proxecto ríos, con Auga de Galiza, quedou aprazado para o vindeiro curso, por motivos de causa maior da persoa co levaba.
- **Realizar melloras no patio escolar.** Ata finais de curso, 3º trimestre, non se puido realizar reformas, foi un ano de moita choiva que non propiciaba o uso do patio, nin os traballos nel; ademais contamos neste último trimestre cun operario do concello, moi necesario para nós, que quitou os palets deteriorados, limpou sumidoiros, amañou moitos elementos exteriores e montou, en colaboración cos pais e nais do centro, a caseta da nova biblio do patio. A maiores contamos cun banco “O banco da amizade da Rúa”, doado pola asociación “Arela”, froito dun proxecto interxeracional no que traballan rapaces en risco de exclusión ou que están cumprindo medidas penais xunto coa asociación de xubilados de Coia. Este material foi doado por unha nai do centro.
- **Continuación coa liña do PFPP de convivencia e impulsar os círculos restaurativos e reactivos.** Esta parte está moito máis interiorizada na Rúa, tanto en asembleas, como noutras dinámicas. As veces para cohesionar, outras veces para resolver conflitos, como exemplo citamos os conflitos do patio co alumnado do 3º ciclo, no 3º trimestre empregamos os círculos reactivos e chegaron a acordos que permitiron xogar con máis respecto e tranquilidade.
- **Potenciar a participación e a colaboración dos distintos sectores da comunidade educativa na vida do centro para acadar unha formación**

básica, solidaria e que contribúa á efectiva igualdade de oportunidades de mulleres e homes, tal como se recolle no artigo 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. Colaboramos coa Asociación Xoan XXIII, en múltiples ocasión e coa residencia de día “Tendelaman” e “Contigo”, recitándolles poemas de Rosalía de Castro. Coa Asociación de “Bolos Celtas”, con “Peis d’hos” en numerosas ocasións, na romaría do Magosto, con Xermolos revista de galego, poñendo un mercadillo na súa Romaría de Darbo, ou contando con eles para o mes do galego no que os venres tivemos baile no cole.

- **Propoñer pautas de convivencia ao persoal do comedor.** Xa nomeado no punto anterior.
- **Propoñer a presenza dalgún mestre ou mestra, días puntuais no comedor.** Isto fíxose 4 ou 5 veces no curso e resultou positivo para as encargadas do comedor e para o alumnado.

Obxectivo 5: Dinamizar a biblioteca escolar

Indicadores:

- **Crear ambientes na biblioteca escolar.** Creáronse novos ambientes, como o de arte, xogos de mesa, gravación de vídeos con Chroma e zona Tic (coa tableta para poder ver os códigos QR dalgúns libros da biblio, que enlacen coas reseñas de ditos libros, feitas polo 3º ciclo) ou para poder ver libros de realidade aumentada.

Obxectivo 6: Dinamización do uso da Lingua galega estimulando aos cativos/as a expresarse oralmente en galego.

Indicadores:

- **Continuar co venres para falar en galego e coas actividades de radio na biblioteca:** Este ano o venres de falar en galego tivo menos pulo, aínda que se fixeron moitas actividades en galego, pero non centralizadas nos venres, a excepción do mes de maio, no que na nosa árbore da entrada, aparecían colgadas, cada semana, novas palabras en galego para que nas titorías

traballaran e xogaran con elas, Ademais, nese mes, as actividades da biblio foron preparadas en torno o galego e realizadas polo Equipo de EDLG. A radio funcionou este ano dun xeito diferente, xa que facendo todos os venres un programa de radio, os titores víanse moi axustados en tempo, ademais de que escoitala todos xuntos no corredor non era produtivo, porque moitos alumnos/as non prestaban atención. Ao final graváronse programas de xeito individual que puidéronnos escoitar nas aulas de xeito máis tranquilo: un programa sobre os dereitos dos nenos/as, recital de poemas de Rosalía, audiocontos, teatro locutado, recital de poesía de primavera, o programa “na rúa o sabemos” ...

- - **Colaborar coas asociacións da Comarca ou arredores.** Colaboramos cos establecementos da zona e cos centros de día “ Tendelaman” e “Contigo”, co recital e poemas de Rosalía de Castro; coa asociación de “Bolos Celtas” e coa asociación de baile galego “Peis d’hos”, na romaría da Rúa e tamén con Peis d’hos no aprendizaxe de baile galego os venres do mes de maio; co Centro Terapéutico Ocupacional “Xoán XXIII” en numerosas veces cos cursos de infantil e de 1º a 4º de primaria, ademais de visitalos no Auditorio para ver a súa obra “Alicia!”; coa Asociación Arela, coa formación en prácticas restaurativas e no agasallo do banco da amizade da Rúa, feito por un programa interxeracional que eles/as levan a cabo, entre xóvenes en risco de exclusión social, cumprindo sancións penitenciarias e cunha asociación de xubilados de Coia; Asociación “Nós Mesmas” coas que nos formamos todos os cursos, sobre a diversidade sexual, afectiva e a identidade de xénero e coa revista da Asociación Cultural Xermolos, na que publicamos sobre a nosa radio “Ondas na Rúa”...

Obxectivo 7: Axudar ao alumnado de 6º co tránsito ao instituto.

Indicadores:

- ***Programar actividades para que o alumnado visite o instituto, e se acheguen á realidade que vivirán o curso seguinte.*** Realizáronse diversas actividades en colaboración co Instituto de Rodeira: visita de alumnado de rodeira para ensinarnos a debuxar, debuxos propios do Samaín; clase de francés para 6º de primaria para ensinalles en que consistía esa nova lingua que podían escoller o chegar a 1º da ESO; contacontos en galego para infantil e 1º ciclo a cargo do club de Dinamización Lingüística do IES e rematando finalmente coa visita do alumnado de 6º ao instituto.

2. NÚMERO DE ALUMNOS/AS

Neste curso rexistráronse as seguintes variacións con respecto ao Plan Xeral Anual: Dúas baixas en infantil, xa dende o comezo do curso e unha alta nova en 3 anos Ed. Infantil. Finalizamos o curso 22-23 con 40 alumnos/as en Ed. Infantil e 122 alumnos/as de Ed. Primaria.

3. HORARIOS

A xornada escolar desenvolveuse segundo o horario continuado que figura no Plan Xeral Anual. O cumprimento dos horarios atívoise tamén ao establecido no Plan Xeral.

4. LIBROS DE TEXTO

Este curso non utilizamos libros de texto novos , soamente empregamos os libros existentes no cole para realizar búsquedas de información no 2º ciclo de Educación Primaria.

O listado de material que se utilizou este curso 2022-23 foi repartido dende cada titoría ao comezo do curso.

5. ESPAZOS E MATERIAL

ESPAZOS

Neste curso utilizáronse todos os espazos segundo as necesidades e inclusive, creouse un novo espazo de ciencias; un novo espazo de biblioteca no patio e un espazo para familias no 1º andar.

MATERIAL

Neste curso recibimos material por parte da Consellería de Educación: 3 mesas plegables que están en 3º curso de Primaria, algún moble para organizar o espazo

de xogos e construción que están no corredor de Primaria, tamén se renovou material para a Biblioteca como: mobles, libros e material tecnolóxico.

Mercouse material científico para o novo laboratorio e renovouse a estación meteorolóxica do centro porque a que había estaba deteriorada.

Chegaron novos ordenadores (18) de fenda dixital que se empregarán nos Preguntorios de 2º ciclo de Primaria xa que os que empregaba o alumnado estaban obsoletos.

Dende a Xunta renováronse os ordenadores do Equipo Directivo (no 3º trimestre) e chegaron paneis dixitais (última quincena de xuño), unha situada na aula de movemento de Educación Infantil, outra está na clase entre 1º e 2º de Primaria e a última pantalla está en 3º curso de Educación Primaria.

6. CLAUSTRO CONSELLO ESCOLAR E CONVIVENCIA

CLAUSTRO

Convocáronse e desenvolvéronse con normalidade 7 reunións.

Leváronse a cabo as actividades descritas no Plan Xeral Anual.

CONSELLO ESCOLAR

Convocáronse e desenvolvéronse con normalidade 8 reunións.

Leváronse a cabo as actividades previstas no Plan Xeral Anual.

REUNIÓN DE CONVIVENCIA

Convocáronse e desenvolvéronse con normalidade 2 reunións, unha no 1º e outra no 2º trimestre.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

7 reunións anuais, realizadas case todos os meses, xa que algúns meses coas avaliación non había tempo para poder destinar á CCP nese mes.

7. RELACIÓNS COA ANPA

As relacións mantidas entre a ANPA e os representantes do Centro desenvolvéronse con total normalidade durante o curso que remata. O equipo directivo coordinouse coa directiva da ANPA para supervisar o funcionamento do comedor, e das distintas actividades que leva a cabo esta asociación, tamén para dinamizar a participación das familias no centro escolar.

Foi fundamental a colaboración da ANPA na reforma do patio, no traballo en igualdade e no impulso do Proxecto do río Saíñas. Así como en calquera outra situación na que sempre estiveron disposto a colaborar.

8 MEMORIA DOS CURSOS

EDUCACIÓN INFANTIL

1. PROCESO DE VINCULACIÓN DAS NENAS E NENOS:

O proceso de vinculación dos nenos e nenas de 4º de infantil levouse a cabo durante dez días. Este curso observamos que facilitou a creación do vínculo do novo alumnado coas docentes e as compañeiras/os, por un lado, as aulas de idades mixtas e tamén a posibilidade de permanencia do adulto de referencia na aula.

Este curso o proceso de vinculación período de adaptación non foi só para o alumnado de nova incorporación senón tamén para o resto de alumnado, familias e profesorado, debido á creación dos grupos mixtos que, aínda que valoramos moi positivamente este cambio metodolóxico, si supuxo un proceso de vinculación diferente a outros cursos.

2. ACTIVIDADES AO LONGO DO CURSO 2022-23.

Actividades do 1º trimestre:

- Dinámica de acollida e búsqueda individual do alumnado e a súas familias para atopar a súa aula de referencia, iniciando no patio e realizando unha búsqueda da aula a través do símbolo de cada unha de elas: TERRA, AIRE, LUME.
- Proceso de vinculación dos nenos/as da aula de Lume, Terra, Aire.
- Sesións de cohesión grupal do alumnado de 6º de infantil
- Tránsito libre “
- Obradoiros “o noso corpo un pincel”, “ A horta a punto”

- Participación en actividades da subvención de Igualdade promovida pola AMPA: taller con Mar Penela Bruscaft, excursión ao Verxel, unha horta da contorna e inicio da Horta escolar.
- Festa das doce badaladas coas familias
- Magosto e Samaín.

Sesións de animación á lectura na biblioteca:

- Inauguración da biblioteca cunha procura do tesouro.
- Mochila viaxeira: Durante unha semana cada neno ou nena tivo na súa casa a mochila.
- Préstamo semanal de libros. Na inauguración da biblioteca levaron unha bolsa de tea para poder facer o préstamo semanal de contos ou libros para levar a casa.
- Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas.
- O Nadal no mundo.
- Representación e lectura de contos de alumando de 5º de Primaria

Actividades do 2º trimestre:

- Obradoiros “ Somos Sons”, “Obxectivo Números”, “ Xogos de lóxica matemática”, “Xogos lingüísticos”, “Obradoiro de libros Intervidos”
- Sesións de cohesión grupal do alumnado de 6º de infantil
- Festa de Entroido

Sesións de animación a lectura na biblioteca:

- Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- Día Internacional da Muller.
- Sesións de biblioteca “Os entroidos mais importantes de Galicia”

Actividades do 3º trimestre:

- Obradoiro científico “O laboratorio” e “ Auga e pintura”
- Contacontos con “ Anxel Moure”
- Concerto de “Rabelo”
- Participación no proxecto biblioteca de patio.
- Contacontos de familias nas aulas” familias con Moito conto”
- Saída escolar a “Donde viven los cuentos”
- Xornadas de convivencia e xogo co alumnado de 1ºEP (sesións de cohesión e tránsito)
- Observación e rexistro de aspectos necesario para a finalización de etapa do alumnado de 6º de Infantil.
- **Sesións de animación a lectura na biblioteca:**
- Día da Poesía e Día Mundial do Autismo.

- Semana do Libro. Realizar obradoiros e propostas.
 - Participación nas actividades da “Semana do libro”
 - Participación no proxecto biblioteca de patio.
 - Contacontos de familias nas aulas” familias con Moito conto”
 - Contacontos en familia no patio e incorporación da biblioteca de Patio.
-
- Dar a coñecer a figura do autor homenaxeado na celebración das
 - Letras Galegas 2022 (Normalización).
 - Contacontos en galego de alumnado do Instituto de Rodeira

Outras actividades:

Asistencia as docencias do PFPP do centro para a etapa infantil e outras formacións externas relacionadas coa metodoloxía empregada.

Cumprimentar os documentos de avaliación tanto inicial, como continua ou final en formato electrónico.

Acción tutorial trimestral individualizada e reunións de grupo.

Elaboración diaria de material para as diferentes propostas. Programación de Obradoiros e Instalacións.

Reunións de coordinación de ciclo ou dinamizacións.

Sesións de acompañamento familiar propostas dende a nova comisión de Biblioteca escolar, dentro do “Plan Familias e Lectura”

3. METODOLOXÍA

A nosa e unha escola pensada e creada para os nenos e as nenas. O neno ten unhas necesidades propias que hai que coñecer e respectar (necesidades de movemento, de xogo, de manipulación, de vivenciación das experiencias, da experimentación dos diversos materiais e capacidades...).

Poñer ao neno no centro da educación e cambiar a mirada cara unha metodoloxía Viva e Activa. Viva porque está en continuo cambio e en continua reflexión da práctica docente e das necesidades das crianzas, e Activa porque o alumnado é o protagonista da aprendizaxe. Os espazos están estruturados e preparados para enriquecer as experiencias de aprendizaxe.

En relación a este curso, onde iniciamos a creación de grupos mixtos, valoramos positivamente este cambio xa que propiciou vínculos e unha mellor atención o alumnado de nova incorporación.

Ambientes preparados, alumnos autónomos e mestres acompañantes:

Os nenos e nenas teñen unha bagaxe que temos que empregar para acompañalos nas súas

aprendizaxes. Isto implica crear ambientes preparados que favorezan este acompañamento e así poder detectar todos os intereses, respectar todos os ritmos e poder abarcar todos os contidos curriculares. Temos ademais que favorecer a autonomía, pero non só referida ás actividades habituais, senón tamén autonomía de decisión, de pensamento, de reflexión, etc.

O docente como observador e acompañante das experiencias educativas, creador de espazos ricos segundo os intereses e necesidades individuais e grupais.

Respecto, confianza e liberdade:

Liberdade de elección das propostas a realizar. Non se trata de que os nenos fagan o que queiran, senón de que queiran o que fagan. Sempre desde o respecto, entendido como norma e como forma de entender a educación, confiando nas posibilidades, capacidades e potencialidades de cada un dos nosos alumnos e alumnas. Damos moita importancia a afectividade e o vínculo. Acompañamos as emocións de cada un.

Aprendizaxe a través do movemento e o corpo, baseada na vivenciación e experimentación, no xogo, na creatividade e na aprendizaxe entre iguais. O desenvolvemento do corpo (equilibrio, coordinación, percepción corporal, ritmo, respiración,...) como base doutras aprendizaxes máis cognitivas como os relacionados coas matemáticas, a lectura ou a escritura. Para atender a esta necesidade aumentáronse no horario as sesións de movemento en psicomotricidade do alumnado de 4º e 5º de infantil.

O desenvolvemento a través de propostas sensoriais e manipulativas que favorezan a experimentación, a través de obxecto de uso cotián e materiais naturais. Propostas multisensoriais nas que a percepción se activa dende diferentes canais.

O xogo como medio natural da infancia a través do mesmo, os nenos e as nenas, perciben, aprenden e interiorizan o mundo. Tamén permite a relación cos outros e o coñecemento de si mesmos.

Os nenos e as nenas aprenden por imitación e conexión entre os iguais. Grazas a este contacto natural o alumnado aprende de forma a cooperación, o respecto e a tolerancia.

DINÁMICAS QUE CONSIDERAMOS CONTINUAR E SISTEMATIZAR COMO CONSECUENCIA DUNHA VALORACIÓN POSITIVA:

- A cesta da froita: cada venres, unha nena/o levou para casa unha cesta que trouxo con froitas e hortalizas de tempada o seguinte luns para compartir nas merendas da semana coas compañeiras/os.
- Luns de horta con Catuxa: programouse e sistematizouse nos luns o traballo na horta con Catuxa, enxeñeira agrónoma, coa colaboración das familias.
- A documentación dos obradoiros: Cando se decide a temática de cada obradoiro, se elabora e envía un primeiro documento no que se expón a temática, unha xustificación, a relación coas CC e a secuencia de obxectivos relacionados cos criterios de avaliación recollidos no Decreto 150/2022, polo que se establece o currículo na CAG. Unha vez rematado o obradoiro, amplíase esa documentación con outra na que se recolle o desenvolvemento de cada sesión.
- As sesións de cohesión do alumnado: Durante este curso, implementáronse dúas sesións de cohesión do alumnado de 4º e 5º de EI por unha banda, e o alumnado de 6º de EI pola outra. O primeiro grupo (4º e 5º EI) desenvolveron unha sesión a maiores de psicomotricidade na que se implementou un programa específico de observación e desenvolvemento psicomotor, incidindo de xeito sistemático nos patróns básicos - gatear, rodar, reptar,...- e no desenvolvemento do sistema vestibular - balancear, equilibrio,... O alumnado de 6º de EI, realizou as sesións de cohesión máis centradas en dinámicas grupais de cara a posterior incorporación como grupo-aula en 1º de EP.
- Entradas e saídas amables: 10 minutos antes da hora oficial de entrada e saída, as familias poden entrar ao cole e acompañar coas rutinas de inicio, podendo, no caso das entradas, permanecer na aula, como máximo, ata as 10:00h. (sempre que non se precise un acompañamento especial)

4. PROPOSTAS DE MELLORA

Propostas de mellora do centro:

- Establecer tempos de reunión co departamento de orientación para elaborar conxuntamente plans de actuación no grupo-clase e con nenos/as con dificultades concretas.
- Paso de infantil a primaria coordinado e respectuoso.
- Maior coordinación con educación primaria e actividades conxuntas. Tempo de coordinación entre Educación Infantil e primeiro ciclo.
- Iniciar antes as sesións de formación.

- Seguir co acompañamento pedagóxico de Patricia Canabal para o profesorado dentro do plan de formación e para as familias.
- Aumentar os tempos dos apoios nas aulas.
- Optimizar os tempos de coordinación e as reunións.
- Dinámicas de avaliación que regulen as intervencións propiciando que se cheguen a acordos e melloras para as necesidades individuais e de grupo.

Propostas de mellora do equipo de infantil:

Melloras ao redor dos obradoiros:

- Continuar priorizando a disposición de todas as mestras de educación infantil nas sesións de obradoiro.
- Establecer de forma definitiva instalacións relacionadas co cambio de estación ou festividade.
- Continuar adquirindo material didáctico coherente coa metodoloxía Activa e as escolas Vivas.
- Realizar máis saídas pola contorna
- Programar unha saída por trimestre relacionada con algún aspecto tratado nos obradoiros ou outras actividades do centro.
- Facer unha previsión de temáticas o principio de trimestre para realizar en los obradoiros.
- Realizar ó longo do curso actividades de : cociña, arte, xogos de mesa, experimentos, fotografía.
- Mellorar os aspectos de coordinación e programación, establecendo un calendario de reunións e marcando os obxectivos a tratar.
- Ampliación a dúas sesións de cohesión dos diferentes grupos.
- Recuperar a presenza das familias nas aulas con propostas específicas, non limitando a temática ou a temporalización.
- Manter os espazos recollidos ao rematar os obradoiros ou ou tras actividades.
- Facer un cálculo do material funxible e compras varias do curso que remata para poder inverter en xogos e outros materiais a parte que sobraría a principios de curso.
- Introducir máis dinámicas de expresión corporal.
- Sistematizar o traballo das rimas con movemento.
- Realizar algunha formación relacionada coa expresión corporal, dinámicas de relaxación,...
- Acordar e establecer normas para o tránsito libre.
- Concretar que se vai a abordar nas sesións de cohesión de 6º infantil.

- Mellorar o rexistro de observación do alumnado de 6º infantil.
- Sistematizar a observación individual ao longo do curso.
- Aumentar o tempo de uso da biblioteca.
- Establecer unha sesión para a lectura.
- Ter prevista unha selección de contos e outros textos para utilizar ao longo do trimestre/curso.
- Facer unha selección de xogos de mesa de mates e de lectoescritura para utilizar ao longo do curso nas propostas e nos obradoiros.
- Acordar previamente os temas a tratar nas reunións de ciclo.
- Maior coordinación entre as especialistas de música, inglés e educación física.
- Cambiar as sesións de obradoiros para as 1ª horas.
- Realizar máis reunións coas familias, tanto para explicar actividades e metodoloxía como para facer dinámicas para diversas temáticas de interese para elas.
- Compartir coas familias as publicacións que se fagan en Instagram.
- Establecer a rutina da crema solar antes de saír ao exterior.
- Reorganizar os grupos e as sesións de psicomotricidade.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º CICLO

PRIMEIRO DE PRIMARIA

1. INTRODUCCIÓN

Entendemos que o 1º ciclo de Ed. Primaria, máis concretamente 1º curso é unha continuidade da etapa de infantil. Débese de prolongar para dar un maior peso ás actividades manipulativas, sensoriais , de experimentación...nun ambiente lúdico onde o xogo é o eixo vertebrador das aprendizaxes. A través do xogo observamos as necesidades, as súas prioridades, os procesos , o nivel madurativo no que se atopan os nenos/nenas, a socialización entre iguais, exploración de espazos e dos seus materiais.

Ao longo deste curso levamos a cabo proxectos de forma conxunta así como, algunhas propostas de xeito puntual. No primeiro caso corresponde aos Talentos onde os nenos e nenas amosaron os seus súper poderes, Os oficios e profesións, ademais dos Preguntoiros. De xeito puntual programamos algunhas propostas que se levaron a cabo nas dúas aulas de forma paralela. Contemplamos os diferentes niveis de aprendizaxe e

adaptamos as necesidades e intereses de cada aula en particular.

A nivel metodolóxico, a etapa de Infantil é un referente básico, xa que entendemos que é unha continuidade, un proceso que medra e avanza afianzándose.

2. METODOLOXÍA

A nosa metodoloxía se fundamenta nos seguintes principios: Aula deseñada por ambientes. Estes ambientes están conectados coas áreas curriculares: ambiente da Arte, da Escritura conectado co ambiente da Calma e a Biblio de Aula, das Ciencias (mesa para Minimundos que permite crear hábitats), espazo para investigar e experimentar a nivel manipulativo.

Espazos preparados onde os mestres/as serán os acompañantes. Acompañando neste proceso de cambio de etapa e tamén de acompañantes nas súas aprendizaxes.

Estes ambientes favorecerán a autonomía dos nenos/as, respectando os seus ritmos e intereses podendo acompañalos nas súas aprendizaxes garantindo así, o desenrolo dos contidos curriculares. En cada un dos ambientes, temos preparadas varias propostas para realizar de maneira libre e tamén de maneira un pouco máis dirixida (con procesos e proxectos de investigación) segundo sexan as necesidades e contidos a traballar. Ofrecendo a posibilidade da libre elección, respectando os ritmos e momento evolutivo de cada un dos nenos/as. Priorizando o respecto, a liberdade e a confianza.

Tiveron algunha modificación dando lugar a outras prioridades que observamos no grupo para responder así as súas necesidades e favorecer a atención-concentración e a autonomía na realización das propostas.

Atención á diversidade, aos diferentes ritmos de aprendizaxe e as propias necesidades que manifestaron así como, aos seus propios intereses que nos van aportar información importante para coñecerlos mellor, que coñecementos previos teñen, de que centros de interese podemos partir..etc. Acompañamento nas necesidades e dificultades que xurdiron en canto á xestión e autocontrol de conductas, acompañamento nos diferentes procesos de escritura existentes. Propostas de xogo xa que o consideramos como o eixo vertebrador das aprendizaxes. Creando momentos e espazos de xogo para facilitar a observación e comportamento dos nenos/as durante os seus procesos, a relación entre iguais e na adquisición de contidos de maneira competencial. Experiencias vivenciais,

manipulativas baseadas na experimentación e na creatividade. Podemos mencionar as realizadas coa escritura, co manexo de diferentes tipos de texto, de lecturas e o emprego de obxectos para o traballo da conciencia fonolóxica. No ambiente de Ciencias experimentando cos elementos propios das árbores, coa auga ..etc. No ambiente da Arte a través da experimentación coas cores e diferentes técnicas plásticas, descubrindo obras de autor como foi o caso de Salvador Dalí.

Creación de grupos para traballar de maneira cooperativa, levando a cabo dinámicas conxuntas de convivencia, de cine, intercambio e visitas na aula de 2º Primaria e de Infantil.

Dentro da aula traballamos por equipos. Axuda e colaboración para afondar nas investigacións, resolver conflitos e propostas de melloras, elaborar un produto final en equipo...etc., servíronnos para iniciarnos no respecto e na tolerancia de cara ás opinións e aportacións escritas e artísticas que cada membro do equipo aporta para un fin común. Realizamos varias postas en común dos nosos escritos e tamén das produción plásticas para compartir experiencias e o noso sentir, creando lazos e afianzar vínculos favorecendo así, a cohesión grupal.

Flexibilizar os tempos. Intercalamos momentos de rutinas, de expansión, de xogo e volta á calma. Os recursos, presentes nestes ambientes farán referencia aos diferentes niveis e necesidades dos nenos/nenas propiciando o desenrolo das competencias, capacidades e intelixencias.

3. ACTIVIDADES

Primeiro trimestre

-Proxecto de benvida: “As nosas praias”: Estudo das nosas praias.

Neste proxecto realizamos un gran número de propostas que utilizamos para coñecernos máis e crear cohesión de grupo. Algunhas delas foron as seguintes:

Listamos no taboleiro entre tod@s, as nosas praias favoritas.

Recollida de área da nosa Praia.

Puxemos en común un pouquiño de área para poder comparar e listar as características de cada unha.

Listamos as características na pizarra en gran grupo.

Mesas de escrita individual: listamos en papel cousas que hai nunha Praia a partir dunha fotografía da Praia de Santa Marta; Realizamos un debuxo da nosa Praia e escribimos o seu nome.

En pequeno grupo listamos o lixo atopado por Pablo na súa Praia vendo unha foto compartida pola súa familia.

No laboratorio de aula creamos “O noso verán”. Incorporamos ao noso bote con área pequenos elementos do noso laboratorio, utilizando diferentes utensilios (pinzas, pedras, perlas, ...).

Na mesa de lectoescritura preparamos tarxetas nomeando a nosa praia.

Buscaron un lugar especial na casa para gardar o seu bote como amuleto para todo o curso.

Durante todo o trimestre, no espazo da Biblioteca de aula, estiveron a mesa de escritura libre onde tiñan as súas libretas.

No mes de Outubro comezamos no recuncho de Lectoescritura individual a proposta que levaba por nome “Os nosos nomes”. Nesta proposta utilizamos os nomes propios da nosa clase para traballar diferentes actividades de escritura colectiva e individual:

- Búsqueda dos nomes do pequeno grupo e facer listalos.
- Folio con “Mi pequeño grupo es...”
- Escritura dos nomes dos compañeiros que teñen algunha letra en común con meu nome.
- Tarxetas con noso nome clasificalos por grupos. Asocialos á foto de cada un.
- Semana “O noso Samaín”:
- Lectura “El abrigo de Pupa”

Posta en común en gran grupo.

Falamos dos nosos medos. Listamos no taboleiro.

Listamos palabras dos nosos medos.

Abrigo. Pegamos os nosos medos.

Alas de bolboreta.

Listamos con quen valarían e a onde irían.

Primeira proposta dos nosos Preguntoiros conxuntos coa aula de 2º de Primaria:

- Merenda compartida co grupo de 2º de Primaria.
- Lectura “Non é unha Caixa” en gran grupo.
- Creación por equipos a partir dunha Caixa de cartón e utilizando distintos materiais

de refugallo.

Segundo trimestre

- Proxecto fotográfico: Os nosos castiñeiros. Estudo da árbore e os animais dos nosos bosques.

A partir da observación directa das árbores do noso patio escollemos o castiñeiro como obxecto de estudo. Traballamos as partes da árbore, partes da folla, identificación da folla, recollida de follas e debuxo das mesmas, tipo de árbore: folla caduca. Cara o final do proxecto traballamos lixeiramente todos os animais que coñecemos que viven nestas árbores e tamén os animais que viven baixo as raíces das mesas. Pequena catalogación dos animais. Iniciamos ao alumando nos esquemas.

- Oficios e profesións II: profesións relacionadas coa escola e a nosa contorna, saída ao porto de Bueu, proxecto *"Ti si que es un bó peixe"*.

Rematamos o trimestre patexando o novo plan de traballo: "Oficios e profesións". Comezamos coa investigación do oficios dentro do ámbito escolar. A partir dunha lista elaborada na aula investigamos e preguntamos ás persoas do centro polas función e nomes dos seus oficios ou traballos. Na lista aparecían as mestras/mestres, conserxe, servizo de limpeza, condutores de autobús, coidadoras de autobús e de aula, cociñeiras e persoal de mantemento do centro. A partir deste traballo realízanse propostas escritas de descrición de imaxes e elaboración de listas das ferramentas de traballo que se utilizan en cada un destes oficios. Escritura e posta en común de forma oral.

Continuamos coa investigación das profesións máis comúns da nosa contorna, Cangas. Para iso participamos nas actividades propostas polo concello de Bueu, *"Ti si que es un bó peixe"*. Nesta saída coñecemos os oficios relacionados co porto e o mercado da zona.

Terceiro trimestre

- Inicio de trimestre: O inverno.

Comezamos o trimestre co tema "o inverno". Traballamos fundamentalmente listaxes de palabras relacionadas coa estación. Propostas de escritura e debuxo arredor das palabras de inverno en xeral, actividades e deportes de inverno, pezas de roupa da estación, froitos, froitas e vexetais propias do inverno. O tema se pecha coa lectura do conto "A sopa verde". Inventaremos un novo final da historia, escribindo unha frase e completar o noso escrito cunha ilustración.

- Oficios e profesións II: As profesións das nosas familias

Durante todo o terceiro trimestre levamos a cabo a investigación e a presentación das profesións no ámbito familiar. De xeito voluntario pedíronse fotografías e vídeos dos lugares de traballo das familias para elaborar unha pequena presentación individual das mesmas.

O alumnado tiña como cometido elaborar unha serie de preguntas escritas dirixidas aos seus pais. Seguidamente estas preguntas serían compartidas en gran grupo presentando as principais funcións do oficio ou profesión en cuestión. Entre todos facemos unha posta en común do que coñecemos e do que no coñecíamos da profesión. Esta proposta fundamentalmente oral e colectiva tiña a súa continuación coa proposta escrita individual, onde cada alumno/a realizaría unha ilustración da profesión e unha frase eludindo ao oficio en cuestión.

Algunhas das profesións que estudamos foron: xuíza/xuíz, o/a terapeuta ocupacional, a/o esteticista, dependenta/e, arquitecto/a, mestra/e de infantil ou a/o transportista de mercancías pesadas. Este proceso estivo apoiado na súa totalidades co sistema de pictogramas relacionados cos oficios e profesións.

- Somos diferentes: traballamos sobre a diversidade

Grazas aos encontros celebrados durante o mes de maio coa Asociación Juan XXII debido as xornadas de club de lectura compartida traballamos una serie de lecturas e actividades arredor do tema da discapacidade.

A primeira das lecturas realizadas foi o conto "El cazo de Lorenzo". Una historia protagonizada por Lorenzo, un neno que está permanentemente atado a un cazo vermello do que non se pode desprender. Este cazo é o símbolo metafórico que utiliza a autora para representar as necesidades especiais e a discapacidade do protagonista, como pode ser o autismo nosa tarefa consistiu en abrir o debate arredor deste tema tendo en conta como punto de partida a situación que vive esta personaxe tan peculiar. Levamos a cabo ilustrarnos diversas sobre a historia de Lorenzo que serviron como proposta escrita e oral coa posta en común en gran grupo sobre o final o ou a resolución do problema da personaxe.

A seguinte lectura foi "Diferentes diferenzas". Os protagonistas deste libro son diversos e diferentes. Amósannos que empregan as súas características particulares para gozar dunha vida plena e chea de amigos e aventuras. Un elefante de tres patas, un moucho de catro ollos, unha tartaruga sen cuncha ou un libro sen cuberta...

A nosa tarefa con este conto sobre as diferenzas foi abrir o debate arredor de como estas personaxes afrontan o mundo, así como a relación que manteñen cos demais aínda que teñan algunha dificultade engadida que o resto de forma habitual non ten.

Para iso describimos fisicamente as personaxes e a maneira de adaptarse de cada una delas ás situación da vida cotiá. Realizamos unha serie de propostas escritas onde traballamos a observación e descrición escrita e oral das imaxes do conto.

Nun segundo encontro co alumando da asociación o alumando de primeiro curso levou a cabo a lectura do conto "¿A manchas o a rayas?"

Para levar a cabo a actividade fixemos una lectura profunda da historia. Foron analizadas tanto ás personaxes como as situación que vivían.

Por parellas fixeron láminas en A3 das diferentes partes da historia e resumimos en gran grupo as frases e as acción máis destacables para despois escribir un guión que foi memorizado para o día da exposición- lectura en público do conto. Na materia de plástica realizaron o debuxo das personaxes a pequena escala que logo foron plastificadas e decoradas para agasallar ao alumando que participou nesta actividade.

Nunha terceira e última sesión xunto á Asociación Juan XII de Cangas levamos a cabo a actividade "Plantamos os nosos tomates". O alumando da asociación elaborou un xogo de pistas na biblioteca escolar que finalizou cun agasallo especial para o grupo: terra, tarros e sementes de tomate para plantar a nosa propia tomateira.

O resultado foi una actividade sinxela e agradable que nos permitiu poñer o foco na importancia de coñecer de onde proveñen os produtos que consumimos, ás diferentes formas de consumilos e o bonito de compartir as nosas receitas especiais coas persoas que máis queremos.

4. SAÍDAS DO CENTRO

- Correlingua. O 25 de maio celébrase en Moaña a carreira pola lingua. Como todos os anos os rapaces e rapazas das escolas manifestan o seu interese para que a lingua Galega non desapareza das súas vidas. Celebrando unha carreira onde participaron todo o alumnado dos centros de arredores de Cangas.

- Coñecemos a Ecogranxa. Realizamos un taller de elaboración de pan que se encadra dentro dos Preguntoiros compartidos entre primeiro e segundo.

- "Ti si que eres un bo peixe". Coñecemos o porto e o mercado de Bueu. Proxecto que ten

como obxectivo principal a concienciación do alumando no consumo de peixe fresco e a importancia de seguir unha dieta saudable e equilibrada.

5. ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA

- Taller de ioga. Pequeno taller de iniciación ao ioga que tivo como duración unha única sesión onde os rapaces e rapazas coñeceron a través do xogo diferentes estiramientos do corpo, técnicas de respiración e relaxación. Utilizáronse instrumentos moi diversos e típicos desta actividade para achegar ao alumnado a unha situación de calma. Como preparación á actividade traballouse vocabulario arredor da calma, estudo dos diferentes espazos de calma e lectura do libro "¡Silencio! de Celine Claire".

- Concerto e presentación de libros de Paco Nogueira. Pequeno concerto do cantautor onde se mesturou a literatura infantil coa música. Unha experiencia moi divertida e enriquecedora.

- Taller de ciencia. Unha única sesión onde os rapaces e rapazas tiveron a oportunidade de experimentar coa auga en diferentes estados. Unha achega ás áreas das ciencias dende un punto de vista práctico e lúdico.

- Proxecto "biblio de patio". Proxecto de centro que involucrou a todo o alumnado na creación do espazo da biblioteca exterior. Supuxo a elaboración de listas, deseño de planos e espazos adecuados e a elaboración do decálogo de normas.

-Convivencia con infantil. Durante o mes de xuño adicamos unha serie de sesión á convivencia entre o alumnado de infantil e primeiro curso de primaria. Unha proposta de achegaremos á nova etapa de primaria para os rapaces e rapazas de 5 anos. Unha desas sesións de convivencia consistiu na *escoita conxunta* do conto "Grazas, unha historia dun rueiro". Unha historia sobre as relación humanas onde grazas á curiosidade e a empatía, os veciños e veciñas chegarán moi lonxe na súa aventura de rúa.

5. CONMEMORACIÓNS

23 de febreiro, Día de Rosalía de Castro.

Recitado do poema "Así mo pediron" pertencente ao poemario "Cantares gallegos".

Memorización das dúas primeiras estrofas do poema "Así mo pediron" que foi recitado polos rapaces e rapazas polos diferentes establecementos locais de Cangas do Morrazo para reivindicar a figura da poetisa galega Rosalía de castro. Realizaron tamén

ilustracións dos versos do poema para facilitar a súa memorización e interiorización.

SEGUNDO DE PRIMARIA

1- O ALUMNADO

Neste curso 2022-2023 o curso de 2º Primaria estivo formado por 22 alumnos dos cales hai 11 nenos e 11 nenas. En xeral, trátase dun grupo no que se observa unha gran diferenza de madurez entre eles/elas no referente á autonomía das rutinas, propostas da aula, resolución de conflitos, capacidade para toma de decisións, iniciativa propia, xestión e autocontrol.

Ademais hai que ter en conta o propio momento evolutivo no que se atopa cada quen o que permite observar os diferentes niveis que existen en canto ás aprendizaxes que fan referencia ao proceso da lectura-escritura, autonomía na realización das tarefas, comprensión, razoamentos lóxico-matemáticos..etc.

Foi necesario darlle continuidade ás dinámicas de cohesión grupal, á xestión das emocións, reforzar autoestima e fomentar o diálogo na resolución de conflitos dende postas en común, dinámicas restaurativas...ofrecendo un ambiente conciliador respectando as opinións e coidando a cada quen en particular e ao grupo en xeral.

Foi a través das lecturas, da exposición de palabras que coidan e ofrecen un bo trato, algunhas das nosas prioridades nos momentos de asembleas e dinámicas de cohesión grupal que levamos a cabo ao longo deste curso. Propiciamos momentos que convidaran á reflexión, á empatía, á sensibilidade e a atención da diversidade nun plano de igualdade. Convén afirmar que se observaron cambios moi positivos tanto dentro como fora da aula.

2- O PROFESORADO.

Estivo formado por todo o equipo docente que imparte clase nesta aula: a titora, mestra de matemáticas, especialista de Inglés, especialista de Música, especialista de Ed. Física, de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe.

Como medidas de atención ao alumnado que presentaba necesidades, leváronse a cabo apoios dentro e fóra da aula por parte da especialista de Audición e Linguaxe, e da especialista de Pedagogía Terapéutica sobre todo no primeiro trimestre. Neste último caso, os dous alumnos que saían da aula, debido ás melloras observadas en canto a conductas e xestión das emocións se lle foi retirando o apoio fora da aula para ser tratados dentro da mesma e observar o seu comportamento co grupo-clase nos diferentes momentos e situacións. A alumna que precisou apoio por parte da especialista de Audición e Linguaxe, tivo un apoio constante ao longo do curso de forma alternativa dentro e fora da aula para poder traballar dun xeito máis personalizado aspectos relacionados coa lectura-escritura.

O Departamento de Orientación, realizou probas de diagnóstico a dúas alumnas e realizou o seguimento a dous alumnos máis.

Consideramos moi positivo que se realice un seguimento no vindeiro curso aos alumnos que presentaron estas necesidades así como, de dotar dos apoios en aula en caso necesario.

3- **AS FAMILIAS.**

Este curso xa puidemos retomar o contacto coas familias dun xeito máis directo, dentro do centro en xeral e coa súa participación en proxectos na aula en particular.

Comezamos en setembro reunindo ás familias de 1º ciclo na que as titoras demos a benvida ao inicio de curso, acollendo ás familias de 1º Primaria e para comunicarlles o noso proxecto de ciclo e de aula. Iniciamos así, o noso acompañamento neste 1º ciclo de Primaria: o seu papel no día a día, as colaboracións para aportar material, recursos e participación nas diferentes propostas e proxectos a levar a cabo en cada aula e na sesión conxunta con todo o alumnado de 1º ciclo. Informamos ademais das normas básicas de funcionamento do centro, Biblioteca, da organización das titorías establecidas nas tardes dos martes para atender ás necesidades das familias.

Deste xeito, colaboraron dende comezos de curso en propostas como: representación dos seus talentos familiares nun bote de cristal(que repartimos as titoras o mesmo día da reunión), nas fotografías dos seus oficios e profesións(que nos serviron para a proxección da peza audiovisual de Pequeno Cinema), coa súa presenza no proxecto de Arquitectura como profesionais neste eido e na elaboración de galletas no proxecto, A colección de Galletas. Ambos proxectos formaron parte dos Preguntoiros...mencionar ademais a súa participación nas diferentes propostas que se propuxeron para as Celebracións do Magosto, Nadal, Entroido, Día do Libro e Letras Galegas. Nestas dúas últimas

celebracións, animáronse a vir a ler ao patio e a facer varias sesións de contacontos nas aulas.

Elaboramos informes onde cada trimestre, lle comunicamos por escrito os diferentes proxectos e propostas que se realizaron na aula e tamén os levados a cabo na sesión dos Preguntoiros (xuntanza de 1º ciclo). Pretendemos deste xeito, establecer un vínculo entre familia-escola e dar a coñecer as aprendizaxes que se adquiren no día a día na aula.

As familias os valoran moi positivamente.

Consideramos moi importante e enriquecedor a unión familia-escola como o eixe vertebrador das nosas aprendizaxes.

4- METODOLOXÍA.

A nosa aula conta cun espazo para mesas- cadeiras para o alumnado onde pode realizar as tarefas de escritura, manipulación, experimentación, investigación...que fomentan o traballo en equipo, a atención e concentración naquelas propostas que o requiren. Debido ao número de alumnos/as contamos con 4 equipos de traballo.

Temos un espazo de calma ubicado na zona da alfombra e do taboleiro. Un espazo que nos convida cada mañá a reunirmos para darnos a benvinda e organizarnos para as propostas: momento de escoita activa, participación de postas en común, de elaboración de textos, aportación de ideas aos proxectos, de escritura pública, toma de decisións, momentos de diálogo...conecta así mesmo, coa Biblio de Aula. Espazo preparado para a lectura, para gozar dos libros e dos contos de xeito individual ou en grupo. Moi preto desta zona de calma temos ubicado o noso Muro de Pequeno Cinema.

- Atención á diversidade. Respectamos os diferentes ritmos de aprendizaxe e partimos do lugar onde se atopa cada neno/a para acompañalo durante os procesos no que se refire á escritura entre os máis importantes neste momento.

Tivemos en conta as necesidades que presentou o alumnado dende comezos de curso así como, aos seus intereses e necesidades o cal nos permitirnos achegarnos e coñecelos mellor, tamén aos seus centros de interese e coñecementos previos dos intentamos partir para a posta en marcha das propostas.

Ofreceuse apoio máis personalizado aos alumnos/as que o precisaron así como, o acompañamento no plano emocional.

- Propostas de xogo. O consideramos un eixo vertebrador para o enriquecemento dos procesos de aprendizaxe. Creáronse momentos e espazos de xogo de xeito puntual que nos permitiron observar os comportamentos dos nenos e nenas, as relación entre iguais e a adquisición de contidos a nivel competencial. Tal foi o caso das sesións dos

Preguntoiros, e nos momentos de aula onde o alumnado de 2ºP, tiveron momentos para manipular, experimentar con diferentes materiais para crear e compoñer palabras, historias, rimas no referente ás áreas das linguas así como en xogos para a adquisición de contidos e razoamentos lóxico-matemáticos.

- Experiencias vivenciais e manipulativas baseadas na experimentación e na creatividade. Podemos mencionar as relacionadas coa Arte, no referente ao manexo de material de refugallo para recrear con creatividade obras artísticas. No manexo , experimentación con técnicas plásticas para recrear obras de autor. Mencionar tamén a parte adicada á fotografía no relacionado aos retratos e a súa relación con varios artistas coñecidos tales como, Picasso, Andy Warhol, Frida Kahlo.

Na Escritura, ao manexo de letras en diferentes soportes, de cartas, dominós e outros xogos. Mencionar a escritura de palabras máxicas e bonitas en follas de árbores para agasallar á comunidade educativa, da creación dun espazo para adicarse cartas e mensaxes amorosas...e no referente ao contacto coa Biblio de Aula para descubrir diferentes textos, libros e outros exemplares para a lectura, completar información, para o use e disfrute do día a día na aula.

En Ciencias, a experimentación e observación da auga nos seus diferentes estados, a elaboración dunha merenda saudable co emprego da froita do cole, á observación e seguimento do crecemento dos vermes de seda, á búsqueda de bichos e a observación polo patio das aves da nosa contorna foron algunhas das experiencias vividas. En cada caso, empregando a cámara fotográfica para retratar e aos prismáticos para facilitar a observación e doutros materiais propios .

En Matemáticas, ao xogo individual ou en equipos empregando as regretas, policubos para facer cálculos, ao manexo de instrumentos de medida, e á exploración de corpos xeométricos...entre outros.

- Creación de grupos para o traballo de xeito cooperativo. Unha aprendizaxe que consideramos moi interesante pola capacidade de escoita e respecto das opinión e aportacións que cada quen fai ao equipo, a importancia de validar e respectar as producións alleas para que en común chegar a acordos para elaborar un produto final. Na aula, realizamos varias propostas cos 4 equipos establecidos. Propostas en parella e mesmo en ocasións con mesturas de membros de diferentes equipos.

-

- Realizamos así propostas de elaboración de textos, de sesións de contacontos, producións artísticas...

En relación ás sesións dos Preguntoiros, formamos grupos de traballo mesturando ao alumnado de 1º ciclo para levar a cabo, propostas enmarcadas en tres proxectos ao longo do curso.

Nestes momentos de traballo en equipo, creamos varios momentos de asembleas e de postas en común para chegar a acordos e tamén para que cada equipo poida dar a coñecer a súa proposta ao resto de compañeiros/as. Pretendemos fomentar á escoita activa, o respecto polo traballo dos demais, a expresión oral como parte integrante dun traballo en equipo e en gran grupo.

- Flexibilizar os tempos. Como unha medida máis de atención ás necesidades do alumnado intentamos ofrecer momentos de rutinas, de gran grupo, de traballo individual, de atención-concentración, de expansión, de xogo e volta á calma.

Ofrecendo máis tempo ao alumnado que o precise para a realización das tarefas.

- Os recursos. Son os que están presentes nos diferentes espazos da aula e nas diferentes propostas relacionadas coas áreas curriculares. Farán referencia aos diferentes niveis, necesidades, intereses dos nenos /as propiciando o desenrolo das competencias, capacidades e intelixencias.

Contamos cos recursos que aportan as familias para cada proposta, os que nos aporta a nosa contorna, a Biblioteca e outras asociacións da localidade.

Neste curso incorporamos os seguintes materiais coa fin de ofrecer unha maior autonomía persoal de coidado e organización das súas producións: *un archivador* con varias carpetas para clasificar os seus traballos, *Libreta de Lecturas* na que abordamos diferentes lecturas para o trato de diversidade de temas de interese e con cada lectura unha proposta para empregar a palabra e a composición de diferentes textos. *A Libreta de Cinema*, onde plasmamos coas fotografías todo o noso proceso realizado neste curso. Plasmamos por escrito fundamentalmente a descrición, a listaxe de palabras e as opinións persoais expresando as súas emocións. As pizarras individuais, para propostas de mates e outras de escritura libre. Contamos coa *Libreta de Contar* onde cada fin de semana na casa e de forma libre, escribían aquilo que logo querían compartir na aula.

5- PROPOSTAS E PROXECTOS.

1º TRIMESTRE

Dámos a benvida aos nenos e as nenas na aula de 2º cunha nova lectura...UNHA

HISTORIA. Pois seguindo a liña da lectura, entre todos/as iremos construíndo grandes cousas ao noso redor e iremos reparando e observando con curiosidade os detalles. Con esta lectura realizamos outras propostas:

- Proposta escrita para inventar un posible final á lectura que acabamos de escoitar.
- -Propostas manipulativas tomando como referencia dúas palabras da lectura, para manexar de crear palabras novas.
- Outras propostas para experimentar, observar os diferentes espazos da aula, propiciar encontros entre eles/elas ...momentos envoltos nun ambiente lúdico para o desfrute da escritura e lectura.

Presentamos unha nova lectura que será o noso fío condutor deste curso, SÚPER PODERES de Rocío Bonilla. Todos e todas temos un talento que nos fai únicos e especiais...faranos reflexionar sobre a identidade, as virtudes e as capacidades propias e alleas. Ademais da importancia de crear confianza en sí mesmos e reforzar a autoestima. Poñer en valor os talentos de cada un /unha de nós e así, contribuír a afianzar o noso vínculo como equipo para coñecernos un pouquiño máis. Pois con esta lectura comezamos por dar a coñecer os nosos súper poderes de xeito grupal e tamén individual nunha proposta escrita. Creamos un pequeno laboratorio de maneira puntual para experimentar e recrear con diferentes ingredientes os seus súper poderes para posteriormente poñelo por escrito.

Esta lectura nos amosará diferentes súper poderes que iremos descubriendo e tratando nas seguintes propostas:

Coa lectura do súper poder da Calma, conversamos sobre eses lugares que nos aportan calma. Entre os varios lugares mencionados, citaron o noso patio e tamén a contorna do Río Saíñas. No relacionado ao patio, realizarán unha búsqueda para buscar ese lugares que lle transmite calma. De volta á aula cada equipo poñerá por escrito as razóns que xustifiquen ese elección, elaborarán unha listaxe da proposta de melloras e materias/recursos para acondicionalos, ubicarán ese lugares no plano do patio e posteriormente llo darán a coñecer á directora do centro e a ANPA. Deste xeito se poden crear eses espazos no noso patio para o noso tempo de lecer e uso e desfrute de toda a comunidade educativa. Será a nosa primeira proposta para o proxectos de Patios que se está a poñer en marcha neste curso.

Con respecto ao Río Saíñas e coincidindo coa XV LIMPEZA SIMULTÁNEA DOS RÍOS, na aula moi concienciados sobre a limpeza e conservación do río, por parellas elaboraron uns carteis que neste caso se anima a toda a comunidade educativa e a veciñanza a colaborar na limpeza do noso Río.

Participamos moi activamente nesa limpeza e mediante a fotografía retratamos parte da experiencia realizada e do lixo atopado. De volta á aula, reparamos unha vez máis na importancia do coidado e conservación da nosa contorna e dos arredores do Río. Convidamos á reflexión e polo tanto, cada equipo se encargou de elaborar unha nota para cada unha das aulas do centro. A intencionalidade non é outra que entre todos/as

colaboremos para manter esta contorna cun aspecto coidado xa que moito do lixo atopado provén do noso centro (restos de envases das merendas, xoguets...)

Co súper poder das lecturas, descubriremos outras historias que nos permitirán afondar noutras aprendizaxes a nivel social.

Joya Interior. Aмосa un relato que fai alusión ao coidado, preservar e recuperar a nosa esencia a favor dunha infancia máis sá e conectada coas súas verdadeiras necesidades. Facemos unha dinámica na que cada quen escribirá unha palabra máxica e amorosa para un compañeiro/a e o colgará na súas costas...ao final as descubriron e as leron en gran grupo. Reparamos na cantidade de palabras fermosas que somos capaces de pensar, escribir e adicarlle ás persoas que coñecemos e queremos.

Despois de compartir esta experiencia entre nós, imos a reparar nas situacións que acontecen a diario tanto na nosa convivencia de aula como entre as persoas adultas. Situacións pouco coidadosas e amables que fan que pouco a pouco a nosa xoia interior deixe de brillar. Con este enfoque imos a facer alusión ás situacións que sofren moitas mulleres que viven en parella para concienciar sobre esta PROBLEMÁTICA SOCIAL. Alzar a voz e convidar a que as mulleres recuperen a súa xoia interior que nalgún momento perderon ou ocultaron. Concienciación social e espírito emprendedor para conmemorar o 25N en Cangas xunto con outros centros educativos. Para este día, na aula cada quen elaborou a súa propia xoia interior con pasta de modelar representando unha espiral (porque representa a evolución e o progreso). Unha mensaxe en Positivo que queremos transmitir a todos e a todas ese día na xuntanza en Cangas. Por outra banda, elaboraron con tarxetas, palabras en positivo para dar forza e enerxía ás mulleres que o precisan.

Coleccionista de Palabras. Trátase dun conto poético que contén palabras fermosas positivas capaces de transformar o mundo nun lugar fermoso. Imitando á protagonista do conto, quixemos escribir palabras máxicas, bonitas e divertidas...con todas elas as metemos nun bote para compartir nos momentos de asemblea. Tamén estas mesmas palabras as debuxamos en follas de árbore para tender sobre fíos nos corredores do cole e así, contaxiar ao mundo con palabras fermosas.

Cando Martiño quixo mexar na noite de Reis. A narración deste conto chea de humor desvela a inxenuidade infantil e as propias aventuras do protagonista nunha noite tan especial coma a noite de Reis. Aproveitamos o argumento para dar espazo a falar dos agasallos, da ilusión e sorpresas que reciben nesta noite tan especial e nos preparamos para redactar a nosa carta tan esperada. Traballamos o propio texto e pretendemos que os nenos e nenas non só pensen nos agasallos para si mesmos, senón que tamén teñan en conta a outros familiares e amigos/as.

2º TRIMESTRE.

Coa lectura inicial sobre os talentos, nesta ocasión nos organizamos para que a nivel individual prepararan unha proposta para amosarnos o seu propio talento. Houbo talentos con moito potencial na música, maxia, debuxo, linguaxe de signos, experimentos, na lectura...etc.

Seguimos participando nas melloras e acondicionamento do patio. Decidimos saír coa nosa cámara fotográfica para retratar aqueles lugares ou elementos que están deteriorados para entre todos/as poder arranxalos. Coas imaxes, na aula e por equipos fixemos unha selección das situacións nas que como alumnado se pode implicar e noutra lista aquelas nas que teñen que intervenir os adultos. Coas situacións que os comprometen intentamos buscar a maneira de que se implicaran. Xorde así, a idea de crear unha Brigada de Limpeza. Ataviados de guantes, basoiras e trapos saímos a limpar varios espazos: barrer o chan, recoller follas e terra, limpar a cociña do xogo simbólico ademais da barca e tobogán.

Celebramos o DÍA DE ROSALÍA. Colaboraron coa proposta inicial que propuxo o ENL. Na aula traballamos o texto da autora: o seu argumento, vocabulario e por suposto o seu recitado de xeito oral. Con este recitado poético sairemos polas rúas de Cangas para dar a coñecer o legado de Rosalía de Castro.

Primeiro ciclo camiñou polos arredores do centro e así fomos ao LIDL, DÍA, Concesionario da Renault e tamén ao centro de Día Tendelaman. Foi unha experiencia moi ben acollida por todos/as.

Finalmente creouse un Código QR, onde se poden escoitar os recitados que se fixeron en todas as aulas.

Na aula, versionaron o poema de Rosalía. Ofrecemos o poema orixinal pero con ocos en branco coincidindo coas palabras finais de cada verso. Orixinalidade e creatividade para que organizados en parella, ofrezan novas versións poéticas. Ao remate, cada parella compartiu a súa composición en gran grupo.

Descubrimos tamén os sons que transmite o poema: grilos, pandeiras, o mar, o río....e así facemos alusión a auga que está presente na natureza: Tal é o caso do Río Saíñas, do mar e a ría e as praias que temos tan presentes na nosa localidade. Facemos mención á auga: os seus estados e o seu propio ciclo. Elaboramos mapa mental e facemos propostas de observación e experimentación da auga para ollar os seus tres estados.

Celebración do Entroido. Nos achegamos a esta festividade galega da man dunha mestra que nos amosará esta celebración de varias localidades galegas moi máxicas.

Na aula, a través da lectura É TEMPO DE ENTROIDO, elaboramos rimas cun toque moi festeiro no que non faltaron as personaxes, as comidas e os traxes propios do Entroido.

O propio día celebración, participamos disfrazados nos xogos de centro, no desfile, baile e degustación de doces que aportaron as familias.

3ºTRIMESTRE.

Celebramos a semana do LIBRO. Seguindo as propostas elaboradas polo Equipo de Biblioteca, na aula conversamos sobre as razón desta celebración . Este feito nos leva a falar da gran obra mestra da literatura como o é EL QUIJOTE. Dámos a coñecer ao escritor e tamén nos días sucesivos fixemos as lecturas correspondentes aos episodios das aventuras dos muíños e das ovellas que Dº Quijote confundía cun exército. Como proposta de escritura, elaboramos textos descritivos das personaxes de Don Quijote e de Sancho. Acompañaron dos seus respectivos retratos.

Convidamos ás familias para que se animaran á vir a facer sesións de contacontos ás aulas e tamén para acompañarnos nos momentos de lecer cos Libros ao Patio.

Celebramos o Día das Letras Galegas. Nos achegamos á figura de Francisco Fernández Del Riego, homenaxeado das Letras Galegas 2023. Para coñecelo un pouco máis, fixemos unha breve lectura da súa vida e obra e recollemos os seus datos a modo de encrucillado. Posteriormente e de xeito individual, realizarán varias propostas escritas e plásticas favorecendo a súa autonomía nos procesos e tamén no descubrir o legado do autor.

Colaboramos coa Asociación JUAN XXIII. Viñeron a visitarnos e a presentarnos a súa paixón pola lectura. De como levan a cabo o seu clube de lectura e os títulos dos libros que descubriron. Ofrecéronnos varios destes títulos para que elixiramos un deles e puidésemos preparar unha proposta de lectura para o seguinte encontro. Eliximos tamén unha segunda lectura para que eles/elas prepararan un percorrido con varias propostas a resolver en equipo polo noso patio. Para esta “yincana”, eliximos o conto CUÁNTOS TOMATES! .

O noso conto de referencia para a proposta lectora for ELENITA. Pola temática relacionada cos oficios e que conecta directamente cun proxecto de ciclo que estamos a levar a cabo e que na aula, estamos a traballar coa fotografía. Ademais a protagonista é unha nena valente que loita para alcanzar o seu soño que non é outro que ser sopradora de vidro coma seu pai. Pois para preparar esta sesión contacontos para o noso novo encontro coa Asociación Juan XXIII, imos a realizalo a través dun proceso onde as aprendizaxes da lectura e a escritura van a estar moi presentes. Distribuímos a historia de Elenita en fragmentos e os repartimos a cada parella para que os poidan ler e logo poñer por escrito coas súas propias palabras, as ideas e acontecementos principais sobre o papel. O texto irá acompañado das ilustracións. Ao remate desta parte, traballarán o texto de xeito oral e farán pequenos ensaios presentando o seu argumento ao resto das

parellas da aula. Con toda esta parte traballada, expoñerán en gran grupo como unha posta en escena antes da sesión contacontos para esta Asociación.

O propio día do encontro, nos reunimos na nosa Biblio. Por parellas tal e como estaba preparado, realizaron o contacontos. Unha sesión moi emocionante!!!. Ademais lle fixemos un agasallo no que representamos con pasta branca dúas figuras moi especiais deste conto. As colocamos sobre fío a modo de colgante e con moita ilusión os repartimos para todos e todas.

De seguido, saímos ao patio e por equipos guiados polos membros desta Asociación realizaron a “yincana” sobre o conto CUÁNTOS TOMATES!!!. Tamén nos fixeron un agasallo para que na aula, plantáramos unhas sementes de tomates nuns botes.

Un encontro entre lecturas e xogos no que se estableceron relacións persoais moi especiais.

Na aula, tamén realizamos lecturas na que a temática central era a diversidade.

Elaboraron mapas mentais sobre os animais que protagonizaron esta historia. Ao longo do curso realizamos outras propostas nas que os seus procesos foron medrando con nós dende setembro á xuño. Mencionamos así:

- Parellas lectoras. *Co súper poder da lectura*, introducimos esta dinámica na aula coa fin de fomentar o hábito lector, a comprensión lectora e a fluidez e soltura.

Pretendemos que sexan competentes na lectura e na súa comprensión. A medida que adquiren maior competencia iremos introducindo novos retos(textos máis longos, presenza de maiúsculas- minúsculas). Comezaron por preparar lecturas de contos sinxelos previamente seleccionados pola titora para unha primeira toma de contacto.

Prepararon un final para cada un deles e que no seu momento lector daban a coñecer ao gran grupo. Elaboraron tamén a propia ficha técnica do seu conto na que ademais reflexionaban e ofrecían a súa opinión persoal.

A seguinte proposta foi o proceso levado a cabo coa lectura da historia de Elenita.

Rematamos o curso, ofrecendo sesións contacontos cada día. Contos e historias que elixiron libremente. A intención é a de dar a oportunidade de que en parella teñan criterio na súa elección, cheguen a un consenso para finalmente, ofrecer unha lectura ao resto do grupo.

- Libretas de Lecturas. O emprego das lecturas no noso día a día é a nosa sinal de identidade coa que nos achegamos a moitas das aprendizaxes competenciais a nivel curricular.

Nace esta idea de plasmar as nosas lecturas nunha pequena libreta.

A intencionalidade é a de descubrir lecturas que aborden temáticas que sorprendan, fomenten valores, que transmitan mensaxes que conviden a reflexionar, a pensar e a promover o espírito crítico e creativo nos nenos e nenas.

De xeito individual e sobre a folla en branco, nas súas libretas comezan por poñer a data, pegar a imaxe do propio conto e a continuación a composición do texto que finalmente acompañarán cunha ilustración. A idea de poñer a data a cada escrito non é outra, que situarnos no espazo e no tempo coa escritura de modo que nos vai permitir observar os avances producidos. Situación que resulta ser moi satisfactoria e un moi bo reforzo positivo animando neste camiño como pequenos escritores e escritoras.

Comezamos cunha lectura dun conto para logo facer unha posta en común para traballar a comprensión lectora ou mesmo intentar descubrir as posibles mensaxes que nos amosa cada historia. De seguido, sobre a pizarra presentamos a idea de texto a traballar: a súa estrutura, posible vocabulario a empregar, creación de rimas....etc.

Ao remate de cada escrito que de xeito individual escriben na libreta. Ao remate de cada proposta escrita, fixemos unha posta en común para compartir estas composicións propias.

Abordamos entre outras, as seguintes lecturas: *Unha Historia, Te Quiero casi siempre (los contrarios), A eiruga Larpeira, La Joya Interior, Una gran Familia, La coleccionista de Palabras, Cando Martiño quixo mexar na noite de Reis, Non fai falta a voz, Yo Soy, É tempo de Entroido,*

Somos Amigos, Orelas de Bolboreta, Un día de chuvia e flores, Elenita, Versos e viceversos e Vento, ventíño, venteiro....de García Teijeiro.

- Os aniversarios. Pola importancia que teñen para os nenos e nenas e porque están presentes en varios días ao longo do curso. Quixemos darlle un espazo tanto no tempo adicado como no de cada quen teña o seu protagonízamo. A proposta era realizar en gran grupo un acróstico no que as iniciais do seu nome coincidira cos súper poderes deles e delas. Unha reflexión que pon en valor para o grupo, o que pode aportar cada quen. Sobre o papel o poñían por escrito ao que acompañaban do seu propio retrato. Un agasallo que se fixo con todos e todas e que sen dúbida nos emocionou ao longo do curso.

- Pequeno Cinema en Curso. Coa exposición na aula dos botes que a comezos de curso cada familia representou os seus súper poderes, damos a importancia que ten para nós a presenza das familias e por iso lle queremos dar o seu espazo na propia aula xa que estes botes nos acompañarán todo o curso. Como entendemos que un súper tesouro que temos é a FAMILIA polo mencionado ata o momento, conectamos coa seguinte lectura que leva por título UNA GRAN FAMILIA, da autora Rocío Bonilla. Un

relato acompañado de ilustracións xeniais que nos fala da familia, da amizade, do traballo en equipo e da xestión de problemas e superación. Imos a centrar a nosa atención nos moi variados escenarios que representan os lugares de traballo e os talentos das persoas protagonistas deste conto: panadería, floristaría, ludoteca, tendas.... Así comeza a que será a nosa andaina sobre Pequeno Cinema. O tema central serán os oficios e profesións retratados coa fotografía. Para recoller todo este proceso contarán cunha libreta, a súa Libreta de Cinema. Prepararon as súas portadas e comezamos coa primeira proposta. Será elaborar o meu propio retrato como mestra a través da ilustración. Logo coa fotografía onde cada quen me retratou nun espazo do cole diferente onde eles e elas consideran que é o meu lugar: o patio, a Biblio, o Ximnasio, a propia aula de 2º, no Río Saíñas...ilustracións e fotografías xeniais que son as nosas primeiras experiencias como pequenos cineastas e con elas nos achegamos á linguaxe audiovisual. Completamos este proceso na libreta coa elaboración de texto descritivo sobre o

meu lugar de traballo e listaxes de palabras sobre os elementos que compoñen ese lugar. Poñemos con palabras o que observamos e o que sentimos. Ao remate de cada composición escrita de xeito individual, realizamos unha posta en común para compartir as composicións elaboradas.

Seguimos co visionado de autor como foi o caso de José Luis Guerin e de Nicolás Philibert, onde ollamos diferentes escenarios e lugares de traballo. Ao remate de cada visionado realizamos unha posta en común para compartir o que observamos, escoitamos e sentimos con cada peza. Poñemos por escrito na pizarra. Este proceso o pasarán a súa libreta. Proceso que repetimos con cada un dos visionados realizados . Todos estes pasos que imos dando como cinestas tamén o imos plasmando no noso Muro de Cinema que temos na aula. Un lugar de exposición para que poidan contemplar todo o traballo realizado.

Xuntos con estas experiencias foron xurdindo outras de gran interese para nós. Tal foi o caso da *visita da avoa Rosa* que coincidindo co Día da Muller, veu a contarnos a súa historia como panadeira. A súa labor desempeñando o oficio de panadeira dende moi pequena ata a xubilación. Un repaso sobre as súas experiencias e circunstancias que condicionaron o seu traballo. A súa evolución dentro dunha vila e dunha sociedade que ía avanzando tanto no relacionado ao oficio como ao papel da muller no mundo laboral. Fixemos unha saída *AO FORNO DE PABLO* para poder coñecer o lugar de traballo dun panadeiro, realizamos o seu retrato a través da observación e mediante a fotografía. Unha panadería afincada na nosa vila, un lugar onde se elabora pan e as galletas dun xeito artesanal.

Nos animamos a *visitar unha fábrica* preto da nosa localidade para descubrir a forma industrial de elaborar galletas e o seu proceso ata chegar ás nosas casas. Visitamos Biscuits Galicia, no Porriño.

Realizamos outra saída ao Ecoparque Atalaia, no que puidemos elaborar galletas os nenos e nenas de 2º e pan de millo os nenos e nenas de 1º.

No relacionado ás sesións de Plástica, partimos da lectura SOY UN ARTISTA. Páxina a páxina dános a coñecer unha historia na que se inspírase en moitos artistas coñecidos mundialmente e de gran xenialidade: Picasso, Dalí, Miró...son algúns dos que podemos ver retratados nas moi variadas obras artísticas do protagonista deste conto.

Deste xeito, comezamos as nosas sesións coa lectura xa mencionada. Será a nosa fonte de inspiración para indagar nas obras dos citados artistas, descubrir as súas técnicas, a fotografía e plasmar as nosas recreacións con moita arte.

Permite ademais conectar co plano emocional no referente a valorar e recoñerse como verdadeiros/as artistas que somos, cada quen na súa disciplina.

OS PREGUNTOIROS

Retomamos unha das ideas metodolóxicas máis significativas e pola que o noso centro aposta dende un plano competencial: as aprendizaxes que se desenvolven en situacións onde os equipos están formados con alumnos/as de idades mesturadas. Neste caso, os nenos/as de 1º ciclo se xuntarán para o momento dos PREGUNTOIROS. Está relacionado coa área das Ciencias fundamentalmente aínda que ao traballar dun xeito globalizado, tamén estará directamente relacionado con outras áreas do currículo. As sesións de xuntanza eran os martes e os xoves. No primeiro caso ao ser unha sesión máis curta sempre a aproveitamos para postas en común, pequena exposicións para seguir os procesos realizados. Ao remate, compartíamos a merenda como un momento máis de convivencia o que fixo que pouco a pouco o vínculo afectivo se afianzara no tempo. Nas sesións dos xoves era o momento das propostas a realizar por equipos. Neste curso se levaron a cabo tres proxectos:

- “*NON É UNHA CAIXA*”. Lectura que nos inspirou para como punto de partida, comezar a traballar en equipo. Seguindo a liña do conto, cada equipo a través do consenso e da súa creatividade elaboraron con caixas de cartón, pequenos refuxios e elementos que servirán de construcións para o noso patio. Finalmente elaboramos unha pequena exposición na entrada do cole con todas elas: castelos, coches, casas, caixa de bolas...entre outras foran as ideas presentadas.

- *ARQUITECTURA CREATIVA . CONSTRUÍMOS Á MANEIRA DE ZAHA HADID, CHARLOTTE PERRIAND E ZAZUYO SEJIMA.*

O proxecto anterior foi unha pequena toma de contacto para despertar nos nenos e nenas a ilusión de crear para o noso patio. Neste mesmo momento está nun proceso de cambio.

Trátase de buscar ideas de construcións posibles para recrear no noso patio. Que sexan os propios nenos e nenas ou que teñan a iniciativa e poidan participar coas súas aportacións.

Nos adentramos no mundo da Arquitectura, unha profesión onde a presenza da muller é moi escasa. Iremos amosando aos nenos e nenas as obras máis significativas de cada unha delas, ollando as propias peculiaridades e aspectos orixinais das súas obras, de que maneira nos poden inspirar para as nosas construcións e necesidades. Para levar a cabo esta proposta , imos a distribuír os espazos das aulas de 1º, 2º e parte do noso corredor en lugares de construcións. Os equipos irán rotando por cada un destes espazos preparados.

En cada un deles había materiais diferentes: de maior ou menor tamaño, diferentes posibilidades de construción e tamén que ofreceron o desempeño de aprendizaxes competencias nun plano de igualdade, cooperativo, de actuación e mellora para o noso medio.

Nas xuntanzas deste obradoiro de Arquitectura se seguirá unha secuenciación gradual en canto á manipulación dos materiais, achegamento aos espazos de construción, elaboración de planos e recreación das obras dun xeito creativo e o emprego da escritura.

Neste proceso de creación contamos coa presenza de familiares expertos en arquitectura/construción que viñeron a guiarnos e orientarnos para darlle un toque maxistral ás construcións.

Coas construcións rematadas, cada equipo pensou nas posibilidades que podían ofrecer como elementos novos para o patio: muros sensoriais, escaleira musical, mobiliario para sentarse a ler e conversar, refuxios varios para estar en pequeno grupo e recrear xogo simbólico, tipis para construír de maneira libre, e estruturas para escalar...foron algunhas das ideas presentadas e que con ilusión esperan ver proxectadas no patio. Cada equipo ubicou as súas construcións e elementos sobre o plano do patio e coa súa presenza no propio patio comprobaron si era posible ou non. Plasmaron por escrito as súas ideas de construción .

Para que esta idea de Arquitectura para o noso patio tivera finalmente o seu efecto e repercusión, decidimos dalo a coñecer á ANPA e ao Equipo Directivo do noso cole. Así

o fixemos mediante unha carta para cada un dos dou lugares. Co paso dos días tivemos respostas moi positivas de cara o noso proxecto. Agora só fai falta agardar ao próximo curso para que se poña en marcha.

- “A COLLECCIÓN DE GALLETAS”. Nesta ocasión, eliximos esta lectura para reparar na gran variedade que existen de galletas, o seu proceso de elaboración e descubrir esas galletas que tanto nos gustan polo seu sabor, cheiro ou ben porque emocionalmente conectan con algún lugar, momento ou persoa especial. Cada equipo pensou nunhas galletas propias, únicas e especiais. Elaborou unha ficha técnica onde recolleron os seus datos: nome das súas galletas, os seus superporedes, deseño e por último e non menos importante, ao lugar a onde querían que viaxaran. A nosa idea é a de COMPARTIR, AGASALLAR coas nosas propias galletas maxia, ilusión e como non, un sabor moi doce para cada un dos lugares elixidos.

Os 8 equipos, elixiron enviar as súas galletas a lugares como: centro de Día Afamo, Comedores Sociais, CEIP Castrillón, Aldeas Infantís, e ás aulas de Infantil e Primaria do noso cole. A ritmo de poesía crearon unha composición poética como carta de presentación das súas galletas para acompañar co paquete de entrega.

Para elaborar tal cantidade de galletas contamos coa colaboración de varios familiares. Coincidindo coa sesión dos xoves, cada equipo contou coa axuda dun adulto e así puideron elaborar con ilusión, as súas propias galletas.

Finalmente os nenos e nenas prepararon os paquetes coas súas galletas e a bolsas. Nestas bolsas a modo de presentación, colocamos por un lado a portada do libro que nos inspirou tanto a súa historia para realizar este proxecto e polo outro lado, a identificación do alumnado do noso centro xunto cun CÓDIGO QR onde ao premer, podíase descubrir o proceso realizado ao longo deste proxecto.

5.1 - Outras actividades nas que participamos de forma conxunta todo o 1º ciclo.

- Celebracións a nivel de centro: Festa do Nadal, Romaría do magosto, Entroido, Festa de final de curso...
- Propostas levadas a cabo coa conmemoración de Día de Rosalía. Na elaboración previa nas aulas dos recitados dos poemas da autora e posterior saída ao redor do noso centro para recitalos de maneira conxunta en varios locais comerciais.
- Propostas para a Semana do Día do Libro.
- Musical das Letras Galegas, a cargo da música tradicional de Rabelo.

- Cinema no Auditorio en Cangas para ver a película francesa Ernest y Célestine.
- Sesión de encontro coa Asociación Juan XXIII, na nosa Biblio. Posterior preparación dun contacontos en cada aula para contarlles na próxima xuntanza.
- Correlingua. Xuntanza con outros centros educativos para camiñar , escoitar e bailar ao ritmo da nosa lingua galega.
- Ciencia en movemento. Para dar a coñecer a parte máis divertida da ciencia coa realización de varios experimentos e propostas de equipo.
- Concerto de Paco Nogueiras na nosa Biblio. Para escoitar varios contos acompañados da música que interpreta Paco Nogueiras.
- Saídas: Ao Forno de Pablo, Ecoparque Atalaia, Fábrica Biscuits Galicia....

5.2 - Outras actividades nas que participamos a aula de 2º ao longo do curso.

- Nas diferentes proposta que plantexou o Equipo de Biblioteca dentro deste espazo e como conmemoración de diversas temáticas(Samaín, Nadal, Entroido, A ciencia, As mulleres creativas....).
- Nas diferentes propostas que plantexou o Equipo de Normalización Lingüística(Semana das Letras Galegas, Correlingua...).
- Contacontos por parte do IES DE RODEIRA, no que puidemos escoitar varios dos contos que traían preparados para amosarnos as lecturas e as historias dun xeito divertido.
- Sesión de relaxación e calma con dinámicas individuais e grupais para convidar a escoitarnos, coñecernos e ofrecer momentos de calma e silencio.
- Dentro do programa Proxecta “Aliméntate ben” participamos na sesión de “Fai clic ao teu bocata” e tamén no Plan de consumo de Froita na Escola.
- Sesión pola Igualdade, con dinámicas para achegarnos á diversidade dentro dun plano de respecto e coidado.
- Propostas de melloras e coidado da nosa contorna: Río Saíñas e o noso patio.

6. AVALIACIÓN.

Apreciáronse importantes cambios na nivel grupal en canto ás xuntanzas co 1º curso de Primaria no momentos dos Preguntoiros, mellorando a súa actitude de traballo en equipo e creando lazos afectivos.

Na propia aula tamén se observaron melloras en canto ás conductas de traballo por equipos nas que houbo unha importante evolución na predisposición no traballo, na escoita , nos acordos e nas postas en común.

Valoramos de forma moi positiva os avances relacionados coa escoita activa, atención e concentración tanto ao referente ás propostas grupais como as levadas a cabo de xeito individual. É preciso seguir realizando propostas nas que se potencien estas aprendizaxes, no relacionado ao plano emocional como no trato entre iguais. É un grupo no que se deron varios episodios de conflitos que repercutiron no benestar e na convivencia na aula.

En xeral, amosan unha gran disposición para as aprendizaxes cunha importante evolución en canto á súa autonomía, capacidade de atención e concentración nos procesos e na ilusión por aprender e descubrir novas aprendizaxes.

Amosan iniciativa e mesmo propoñen con ilusión novas tarefas e participan polo xeral, de forma activa nas aportacións grupais para completar información, elaboración de textos, ideas e melloras para solventar problemáticas tanto a nivel de aula como na contorna.

Algúns alumnos/as precisan un acompañamento para animar e reconducir nos momentos das propostas escritas para garantir que centren a atención e favorecer e afianzar as capacidades a desenrolar.

TERCEIRO DE PRIMARIA

1. INTRODUCCIÓN

Neste curso 2022- 2023 a aula de terceiro estivo formada por 21 alumnos e alumnas, dos cales, dous nenos incorporáronse ao centro, un deles procedente da mesma localidade e o outro cativo procedente da provincia de Lugo. Estes alumnos integráronse sen ningunha dificultade ó grupo- clase.

En liñas xerais, trátase dun grupo que está en proceso de adquisición de autonomía e iniciativa a hora de desenvolver as actividades diarias. Ó comezo do curso centrámonos en realizar tarefas de integración grupal, e adquisición de hábitos de escoita, relaxación e de mellora do proceso da lectoescritor, afondando no recoñecemento das minúsculas e aprendendo a extraer información importante de textos breves, así como, aprender a traballar en grupo, respectando e valorando as opinións de todos/as os/as compañeiros/as.

2. PROFESORADO

O equipo docente estivo formado pola titora, a mestra de 4º de primaria e os diferentes especialistas de Pedagogía terapéutica, Audición e Linguaxe, de Inglés, de Música , de Educación Física, a mestra de 5º que impartía a materia de Lingua Castelá e ademais realizaba apoios na aula xunto coa mestra de Relixión.

3. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Como medidas de atención á diversidade desenvolvéronse apoios dentro do grupo durante todo o curso, ó comezo do mesmo, os apoios centráronse na axuda no proceso lectoescritor, manexo do ordenador e do rato, así como, atender a aspectos conductuais. Ao longo do segundo e terceiro trimestre, os apoios centráronse en axudar ao alumnado con maiores dificultades da aula tanto nas áreas de Linguas como en Matemáticas, estas axudas realizáronse dentro da aula, e ademais incidíuse novamente, no control da actitude do alumnado debido a que hai alumnos/as que non son capaces de controlar ben a impulsividade.

O departamento de Orientación realizou durante o curso probas de seguimento e avaliación ou supervisión de 7 alumnos e alumnas da aula, queda por iniciar para o vindeiro curso unha proba de avaliación a un/unha alumno/a.

Na clase obsérvanse diferenzas moi notables no proceso de aprendizaxe tanto a nivel académico como tendo en conta o ritmo de aprendizaxe dos discentes, polo que se recomenda para cursos posteriores, ter máis horas de apoio diario na aula ou ben un desdoblamento do grupo nas materias instrumentais.

4. FAMILIAS

Para manter o contacto familia- escola leváronse a cabo as seguintes accións:

- Realización dunha xuntanza inicial cos pais e nais de 3º e 4º de Primaria, celebrada ao principio de curso, especialmente para informar sobre a organización das clases, posibles proxectos a desenvolver, materiais e recursos que poderemos precisar.... e

sobre todo tentar dar resposta as inquedanzas que as familias amosan ó inicio dun novo ciclo educativo.

- Mantemento de entrevistas periódicas coas familias, estas entrevistas foron solicitadas polos pais/nais ou polo profesorado durante todo o curso.

- Ofrecéndolles as familias a oportunidade de participar nas actividades ou proxectos que se levaron a cabo no curso. Contamos no primeiro trimestre coa participación no proxecto “o universo” dunha nai de 3º de Primaria que nos mostrou como enviar mensaxes aos posibles habitantes doutros planetas.

Contamos tamén coa visita ao noso centro de tres membros dunha empresa na que traballa unha nai científica do cole, dita empresa está vinculada ao sector mariño/alimentario e axudounos a entender conceptos como “economía circular” , “a pegada ecolóxica”, o “etiquetado ambiental” e incluso como se realiza o empaquetadoda conserva de atún.



No segundo trimestre, contamos coa colaboración das familias na conmemoración do entroido, pois non só axudaron na realización dos obradoiros senón que tamén contribuíron na creación de ritmos e de acompañamento no paseo polos arredores do centro.



Tamén tivemos a sorte de contar cunha nai bióloga, que nos amosou os seres vivos que viven no ecosistema da praia e ademais , aproveitamos para recoller residuos que fomos atopando en dito ecosistema.



No terceiro trimestre asistiron ao centro nais do noso curso para lernos contos moi interesantes. Foi unha actividade que lle gustou moito aos cativos/as.



5. COLABORACIÓN CON ASOCIACIÓN OU CON ANTIGAS ALUMNAS DO CENTRO

No primeiro trimestre visitounos no centro o equipo de balonmán de Cangas.

No Samaín, asistiron ao centro antigas alumnas da miña clase de 6º do ano pasado, para realizar un obradoiro de debuxo a todo o alumnado de Primaria.



No segundo trimestre visitamos a contorna e fomos a explicarlle aos nosos maiores, que asisten regularmente a asociación “CONTIGO” quen era Rosalía de Castro e que poemas escribiu.



No último trimestre, realizamos dúas sesións moi entretidas coa Asociación “Xoán XXIII”, na que na primeira sesión contáronnos cales eran os seus libros preferidos e na seguinte sesión, nós creámoslle unha “Gyncana” moi entretida sobre o libro que escolleron.



6. METODOLOXÍA

Durante este curso traballamos moito ou fixemos fincapé na cohesión de grupo, traballamos de forma cooperativa. Partimos das inquedanzas e intereses do alumnado e a partir deses grupos cooperativos axudáronse para afondar en investigacións, resolver problemas, elaborar algunha tarefa.... e Sobre todo serviron para saber valorar o traballo do compañeiro ou compañeira, consensuar e poñerse de acordo, respectar a opinión dos demais....

Tratamos de realizar dinámicas e estruturas de traballo cooperativo como: lapis o centro, 1,2 e 3 para realizar presentacións, etc.

Intentamos seguir unha metodoloxía activa, participativa dándolle moita importancia a actividades manipulativas, experimentais, creativas...

Valoramos moito a expresión oral sobre todo nas asembleas, nas exposicións orais e na presentación das súas ideas, opinións e a escoita activa.

A atención á diversidade foi primordial ao longo de todo o curso debido as grandes diferencias que presentaban os cativos/as na lectoescritura.

7. ACTIVIDADES

Este curso seguimos coa metodoloxía dos Preguntoiros que ao igual que no curso pasado realizáronse en grupos cooperativos mesturando alumnado do mesmo ciclo. Adicamos no primeiro e no segundo trimestre tres días semanais para a realización de actividades relacionadas co ámbito de Ciencias Naturais e Sociais e co emprego das TICS. Algúns dos aspectos tratados nestes Preguntoiros foron:

- No primeiro trimestre:

Centrámonos a profundizar no Universo.



- No segundo trimestre:

Centrámonos en afondar nos ecosistemas que temos no noso planeta.



- No terceiro trimestre:

Centrámonos en coñecer os animais e plantas que temos ao noso arredor, a recoñecer a importancia do Río Saiñas e a coñecer máis a nosa localidade e os servizos e monumentos que nela nos atopamos, ademais, creamos estacións de aprendizaxe en matemáticos mesturando o alumnado de 3º e 4º para realizar actividades máis manipulativas e experimentais.

Ao longo do curso participamos en actividades propostas polo equipo de biblioteca, de dinamización lingüística, nas actividades do programa Proxecta “Aliméntate ben” no Proxecto Ríos, no Plan de Consumo de Froita e Leite na escola, actividades relacionadas coa asociación “Peis d’hos”, federación galega de Bolos de Vigo, nas xornadas interculturais do concello e actividades do mes das letras coa actuación de “Rabelo” e “Correlingua”.

Realizamos diferentes saídas durante o curso:

- No primeiro trimestre realizamos unha saída ao centro de Cangas, na que a guía turística do concello nos ensinou a historia de Cangas, como se denominan a arquitectura dalgunhas casas do casco vello de Cangas, os monumentos da alameda e a importancia da fábrica de MASSÓ.

Por mor do mal tempo quedounos sen poder realizar unha visita o Monte do Facho en Donón.

- No segundo trimestre realizamos unha saída pola contorna do centro para entregar a diferentes establecementos da contorna códigos QR , nos que se pode escoitar un poema recitado polo alumnado de 3º. Ademais realizamos unha visita a praia de Rodeira e outra visita ao porto e a lonxa de Bueu, na que aprendemos o nome de moitos peixes que había na lonxa e o nome de aparellos que se empregan nos labores de marisqueo.
- No terceiro trimestre realizamos unha saída pola contorna do centro na que valoramos o ecosistema do Río Saíñas e localizamos diferente flora e fauna para posteriormente valorar a calidade da auga segundo os animais ou plantas que alí atopamos. Tamén neste trimestre realizamos unha visita a cidade da Coruña, valorando monumentos e recordando aspectos traballados na clase sobre Picasso.

Realizamos unha saída ao auditorio de Cangas para asistir a obra de teatro realizada pola Asociación Xoán XXIII titulada “Alicia” e aproveitamos para dar un paseo polo mercado e comprobar como se organiza o mesmo.

Para rematar o curso realizamos una saída de fin de curso a praia de Cabanas, preto do centro, onde o alumnado puido practicar xogos de cohesión grupal, xogos de construcións coa area, bañarse na auga ...

Un dos aspectos nos que non afondamos foi na radio escolar, comezamos gravando as obras de teatro sobre os ecosistemas que o alumnado de 3º e 4º

inventaron pero por mor do de falta de recursos persoais e de tempo non puideron gravar todo o alumnado no locutorio.

8. AVALIACIÓN

É un grupo que precisa continuar nas dinámicas de realización de traballos en equipo. Ao comezo do curso non foi moi doado realizar con eles/elas dinámicas e estruturas de traballo cooperativo porque amosaron unha actitude de rexeitamento a realizar actividade co grupo de 4º e ademais non respondían de xeito adecuado as actividades grupais senón que eran moi individualistas, a medida que avanzamos no curso foron entendendo a importancia de colaborar nos traballos.

Precisan seguir con dinámicas para mellorar o diálogo, a empatía e sobre todo, na escoita activa e na resolución de conflitos que poidan xurdir na convivencia diaria. En xeral, amosan unha disposición positiva cara as novas aprendizaxes melloraron moito no manexo do ordenador e na realización de exposicións. Pola contra, dada as necesidades que temos na aula sería importante valorar a posibilidade dun desdobre do grupo, nalgunhas materias, ou ben de contar con maior apoio do profesorado, con dispoñibilidade horario ou especialistas, nas sesións diarias, sobre todo as relativas ás áreas instrumentais.

O Equipo Docente de 3º considera que para o vindeiro curso será necesario a realización dunha adaptación curricular significativa para un/ha alumno/a, así como, continuar co programa de enriquecemento curricular do alumnado, iniciado xa este curso.

CUARTO DE PRIMARIA

1. ALUMNADO

Neste curso 2022-2023 a aula de cuarto estivo formada por 18 alumnos e alumnas, unha das nenas incorporouse ao centro neste curso, procedente doutro centro da comarca, a esta nena custoulle moito integrarse no grupo-clase.

Trátase dun grupo no que se observa, na gran maioría, unha grande evolución tanto na autonomía como na iniciativa á hora de desenvolver as tarefas. É un grupo unido e motivado que disfruta coas actividades que se lle propoñen e amosa moito interese por todo que se lle propoña.

Porén é preciso indicar que para tres nen@s foi preciso o reforzo e apoio doutro profesorado ao longo de todo o curso.

2. PROFESORADO

O equipo docente estivo formado pola titora, a mestra de 3º de primaria e os diferentes especialistas: de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, de Inglés, de Música e de Educación Física e a directora que lles deu a área de Valores.

Como medidas de atención á diversidade desenvolvéronse apoios dentro da aula durante todo o curso para tres alumn@s, para o alumnado con maiores dificultades tamén se realizaron intervencións fóra da aula.

O departamento de Orientación realizou durante o curso probas de seguimento dalgúns alumnos e alumnas da aula.

Para desenvolver toda esta tarefa foron imprescindibles e positivas as distintas xuntanzas de coordinación que se realizaron nas tardes dos martes.

3. FAMILIAS

A participación das familias foi moi positiva ao longo do curso

Leváronse a cabo as seguintes accións:

- Xuntanza inicial cos pais e nais de 3º e 4º de Primaria, celebrada ao principio de curso, especialmente para informar sobre os aspectos máis destacados do desenvolvemento do curso: organización das clases, posibles proxectos a desenvolver, materiais e recursos que poderemos precisar... e sobre todo tentar dar resposta as inquedanzas que as familias amosan no inicio dun novo curso.
- Reunión cos pais e nais para explicarlles a nova metodoloxía manipulativa da área de matemáticas.
- Todas aquelas entrevistas solicitadas polos pais/nais ou polo profesorado durante todo o curso para falar de calquera aspecto relacionado co alumnado foron realizadas de xeito dixital ou presencial.
- Contacontos de pais e nais ao alumnado.
- Diferentes aportacións aos proxectos que se realizaron ao longo do curso.
- Realización de obras teatrais dirixidas por unha familia.
- Intervencións conxunta de familias e alumnado na biblioteca escolar....

4. METODOLOXÍA

Durante este curso fixemos moito fincapé na cohesión de grupo, traballamos de desenvolver dinámicas e estruturas de traballo cooperativo. Partimos das inquedanzas e intereses do alumnado e a partir deses grupos cooperativos axudáronse para afondar

en investigacións, resolver problemas, elaborar algunha tarefa.... e sobre todo serviron para saber valorar o traballo do compañeiro ou compañeira, consensuar e poñerse de acordo, respectar a opinión dos demais....

Intentamos seguir unha metodoloxía activa, participativa dándolle moita importancia a actividades manipulativas, experimentais, creativas...

Valoramos moito a expresión oral sobre todo nas asembleas, a presentación das súas ideas, opinións e a escoita activa.

A atención á diversidade foi primordial ao longo de todo o curso.

5. ACTIVIDADES

5.1. Este curso seguimos coa metodoloxía dos Preguntoiros nas ciencias que, ao igual que no curso pasado, realizáronse en grupos cooperativos mesturando ao alumnado de 3º e 4º.

Leváronse a cabo dous días á semana e neles realizáronse tarefas nas que se empregaron moito ás TICs. Algúns dos aspectos tratados foron:

- Fenómenos da natureza: terremotos, ciclóns, volcáns....
- O universo. Neste apartado desfrutamos da experiencia de observar os diferentes planetas, astros... a través dun planetario, unha nai que nos achegou os seus coñecementos sobre este tema e propuxo unha actividade relacionada coa comunicación cos extraterrestres.
- Ecosistemas. Onde ademais de traballar os diferentes ecosistemas do planeta, observamos máis polo miúdo o ecosistema da costa, grazas a intervención dunha nai bióloga que nos axudo a analizar e coñecer con máis profundidade este tipo de ecosistema que temos preto de onde vivimos.
- No corpo humano : a nutrición, sobre todo o relacionado co aparello dixestivo a través do programa “Aliméntate ben” tamén co equipo de balonmán de Cangas aprendemos o necesario que é facer deporte para coidar o noso corpo.
- Tamén traballamos varios aspectos da nosa localidade e da nosa comunidade. Para levar a cabo este proxecto realizamos unha visita guiada polo noso concello, e a visita a A Coruña.

5.2. Participamos en actividades propostas polo equipo de biblioteca e de dinamización lingüística: acudiamos á biblioteca para realizar o empréstimo de libros e para realizar as diferentes propostas que nos facían desde estes

equipos.

- O medo no Samaín, con libros que nos facían arrepiar.
- A partir da lectura do libro “ La joya interior “ participamos nunha actividade do concello na loita contra a violencia de xénero.
- Proposta de libro ilexible MN1 de Bruno Munari para a apertura da biblioteca facendo un obradoiro
- Ciencia na biblioteca
- Mochilas viaxeiras que levaban a casa cada semana e aportaban nas asembleas experiencias vividas na familia a través deses libros
- Letras galegas investigamos ao persoeiro homenaxeado neste ano: Fernández del Riego coa axuda dos recursos proporcionados polo Seminario Galán.
- Rosalía de Castro, despois de traballar algúns dos seus poemas fomos a espallalos polos establecementos da nosa localidade con códigos QR.
- Na semana do libro, ademais de compartir lecturas entre toda a comunidade no patio, algunhas familias prepararon libros e viñeron a contárnolos.
- Os venres traballamos en todas as áreas en lingua galega xa que na nosa escola este é o día G, día do galego. E durante todo o mes de maio nos recreos houbo música galega, baile galego , xogos tradicionais....
- Para achegarnos máis a nosa lingua, no mes das Letras galegas traballamos nas aulas con palabras galegas que estaban colgadas na árbore da entrada como: rebuldeiro, agarimo, orballo...
- Elaboración de carteis para o uso do espazo da biblioteca exterior

5.3 Participamos nas actividades do programa Proxecta “Aliméntate ben” e “Ríos”

- ❖ Fai clic ao teu bocata.
- ❖ Participamos no Plan de Consumo de Froita na escola
- ❖ Percorremos o río Saíñas analizando a súa flora, fauna... e tendo en conta o seu coidado para que non haxa contaminación.
- ❖ Actividades relacionadas con diferentes asociacións:
 1. Con Peis D’Hos aprendemos a bailar galego.
 2. Visitáronos os xogadores de balonmán do Frigoríficos do Morrazo de Cangas, equipo do noso pobo que xogan na liga Asobal, para explicarnos como se realizaba este deporte e animar ao alumnado a que practique algún deporte.
 3. Co Centro terapéutico ocupacional Juan XXIII que nos ensinaron a

divertirnos coa lectura. Tamén os acompañamos na súa actuación teatral no auditorio de Cangas.

4. Federación galega de bolos de Vigo que nos ensinaron a desfrutar cos xogos tradicionais

5. Participamos na XVI Xornadas interculturais propostas polo concello, analizando e traballando “Contos do mundo” que nos levou a coñecer o Senegal.

6. Participamos con “Enredanzas” xunto coas diferentes escolas da comarca do Morrazo

7. Realizamos actividades de Wellness.

5.5. Participamos na emisión da nosa radio escolar “Ondas na rúa” preparando dúas obras de teatro.

5.6. Desenvolvemos na área de matemáticas unhas estacións de aprendizaxe.

5.7. Realizamos actividades lúdico festivas xunto con toda a comunidade escolar:

- Samaín.- con deseños de cabazas impresionantes e moitos contos de medo.
- “IV feira do Magosto na Rúa” onde pais, nais, alumnado e mestres desfrutamos xuntos e comemos castañas e outros doces tradicionais.
- Nadal.- celebrando o día de ano vello todos xuntos.
- Entroido .- onde aprendemos como se celebra esta festa en diferentes pobos de Galicia e construímos o noso propio disfrace para celebrar todos xuntos e desfilar, xunto coas familias e veciños, ao son da música de dous gaiteiros polas rúas do pobo.
- Mes das Letras galega coa actuación de O Rabelo.
- Correlingua. Celebramos a festa da lingua xunto con outras escolas da comarca.
- Fin de curso con xogos relacionados coa auga onde desfrutamos todo o alumnado e profesorado xuntos.

5.8. Para rematar realizamos una saída de fin de curso á praia do Canabal e desfrutamos dunha xornada de convivencia xunto co alumnado de 3º de primaria.

6. AVALIACIÓN

É un grupo que foi mellorando na cohesión de grupo e nos traballos realizados en equipo. Foi moi doado realizar con eles/elas dinámicas e estruturas de traballo cooperativo porque amosaron unha actitude moi positiva. Precisan seguir con estas dinámicas para mellorar no diálogo, na empatía, na escoita activa e na resolución de conflitos que van xurdindo na convivencia diaria.

En xeral, amosan unha gran disposición para as aprendizaxes. Son moi participativos e amosan moito interese, foi moi fácil propoñer novas propostas para realizar, teñen moita iniciativa.

QUINTO DE PRIMARIA

1. ALUMNADO

Este curso 2022-2023 a aula de quinto curso estivo formada por 23 alumnos e alumnas, tendo unha nova incorporación dende outro centro á aula. É un grupo cun nivel académico alto, no que se observan algunhas dificultades en canto a aspectos actitudinais. A comprensión, expresión e razoamento matemático é bo aínda que si se observan algunhas dificultades en certos alumnos/as, considerándose imprescindibles os apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria e Pedagogía Terapéutica na aula.

2. PROFESORADO

O equipo docente estivo formado pola titora, a mestra de 6º de primaria, que impartiu as clases de Matemáticas, a directora que impartiu Lingua Castelá e Literatura e os diferentes especialistas de Pedagogía Terapéutica, de Inglés, de Música, de Educación Física, a profesora de Relixión Católica e a orientadora do Centro. En canto á atención á diversidade leváronse na aula diversos apoios de profesorado con dispoñibilidade horaria e a mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, tamén se realizaron diversas actividades de enriquecemento curricular e de apoio por parte da titora e a mestra en lingua castelá e literatura.

Levou a cabo un seguimento da aula polo departamento de Orientación quen

realizou diversas probas de seguimento dalgúns alumnos e alumnas da aula.

Ao longo deste curso tamén se fixo un desdobre na aula como medida de reforzo e para atender ás diferentes necesidades, un grupo formado por 12 alumnos e alumnas e outro por 11 alumnos e alumnas. O desdobre realizouse nas áreas de Inglés, Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura. Considérase moi positivo este desdobre para traballar con este grupo.

3. FAMILIAS

Neste curso a participación das familias no centro foi moi boa, levándose a cabo diversas reunións xerais así como titorías individuais. Ao inicio de curso houbo unha xuntanza inicial cos pais e nais de 5º de primaria para falar sobre o desenvolvemento do curso no relativo a organización das clases, metodoloxía, actividades, posibles proxectos a realizar, materiais...

Ademais fíxose outra reunión conxunta para organizar o mercado da festa de fin de curso para que o alumnado de 5º comezara a recadar fondos para a excursión do vindeiro ano.

No transcurso dos trimestres tivéronse titorías coas nais e pais do alumnado para falar do seguimento do seus fillos/as nas que participaron a titora, o Departamento de Orientación, directora, e a mestra de matemáticas.

4. ACTIVIDADES

Ao longo deste curso empregouse unha metodoloxía baseada en actividades dixitais, de manipulación, de investigación así como a procura dunha aprendizaxe cooperativa en todas as áreas.

Nas áreas das linguas as ferramentas dixitais estiveron moi presentes, realizando actividades como a dos “Boocktubers”, “StopMotion”, vídeos de “Na rúa o sabemos” tamén teatros e representacións, lectura de poemas...

Na área de ciencias traballouse ao longo do curso coa metodoloxía dos Preguntorios, presentando os contidos doutros xeitos e buscando a investigación e participación activa de todo o alumnado nas diferentes propostas na aula. Nos Preguntoiros mesturáronse os cursos de 5º e 6º.

Realizáronse as sesións de Preguntorios, tres veces á semana, buscando actividades

cooperativas, de investigación, de uso das TIC, actividades a través da plataforma Edixgal e Agüeiro. Entre os contidos que se traballaron atopamos:

Primeiro trimestre: O clima (Clima de Galicia, Climas de España), o tempo, climogramas, instrumentos meteorolóxicos, cambio climático, seres vivos e a súa clasificación, funcións vitais, a célula e os cinco reinos.

Segundo trimestre: reprodución, aparello reprodutor e formas de goberno.

Terceiro trimestre: Comunidades autónomas, provincias, materia e enerxía e método científico.

- Actividades da biblioteca

O equipo de biblioteca propuxo diversas actividades mensuais relacionadas con celebracións e festividade nas cales o alumnado de quinto curso participou activamente. Contos de terror no Samaín, Nadal polo mundo, Entroidos de Galicia, Día do libro, Poemas de Rosalía...

- Plan proxecta

O alumnado de quinto curso estivo inmerso tamén en diversas actividades do plan proxecta, "Froita na escola", "ti si es un bo peixe" e "paisaxe e sustentabilidade". Realizaron as diversas propostas dentro dos programas, colaborando activamente nestes.

- Dinamización da Lingua Galega: o fomento do uso do galego estivo moi presente ao longo de todo curso, buscando reforzar o uso oral e escrito da lingua entre o alumnado. A maiores as propostas de aula eran na súa gran maioría en lingua galega. Neste curso de quinto de primaria, realizáronse todas as propostas derivadas do equipo de Dinamización da lingua galega, (Letras galegas, Día de Rosalía de Castro, Samaín, Magosto, Xogos populares...)
- Actividades realizadas con outros grupos ou asociacións externas
- Tivemos a visita no centro do club de balonmán Cangas, fixemos unha colaboración co Club de remo de Cangas do Morrazo, realizando actividades moi dinámicas a través das cales aprenderon conceptos clave neste deporte. Tamén colaboramos con asociacións como "Nós

mesmas” con charlas e actividades LGTBIQ+. Tivemos unha actividade con “O Rabelo” na cal se traballaron conceptos relacionados coas regueifas e o mundo da música tradicional tendo presente contidos LGTBIQ+.

- Viñeron darnos unha charlas sobre a fauna e flora da zona tendo presente as especies invasoras para concienciar ao alumnado, no terceiro trimestre tivemos unha actividade sobre os motores con Ciencia e Movemento e ao longo de todo o curso estivemos traballando dentro da área de “Proxecto” cos Escola Benquerer da Asociación Meniños.
- Radio escolar “Ondas na Rúa” O curso de quinto de primaria colaborou activamente na Radio Escolar a través da lectura nesta de diversos poemas primaverais e a través do programa “Na Rúa o sabemos” na cal o alumnado buscaba unha temática do seu interese para investigar sobre o vocabulario relacionado.
- Actividades lúdico festivas xunto con toda a comunidades escolar: Participamos en gran cantidade de actividades xunto con toda a comunidade educativa, mercados, celebracións de Magosto, Samaín e Entroido, Día do Libro, poemas de Rosalía e a gran festa de fin de curso.

Saídas.

Primeiro trimestre: participación no Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller o 24 de novembro en Cangas do Morrazo,

Segundo trimestre: Ruta pola vila de Cangas do Morrazo para repartir as poesías de Rosalía de Castro polos comercios locais, ruta polos xardíns do CUVI para analizar o terreo e a fauna do Bosque Atlántico.

Terceiro trimestre: Excursión ao Club de Remo de Cangas do Morrazo, visita ao parque de aventuras Atalaia, actividade do Correlingua en Moaña e roteiro pola contorna do centro educativo dentro de proposta de actividades do Plan Proxecta de Paisaxe e Sustentabilidade.

5. AVALIACIÓN

Ao longo deste curso o alumnado de quinto de primaria tivo un gran cambio en canto aspectos relacionados coa actitude, o compañeirismo e a participación e

colaboración na aula. O cambio metodolóxico resultou moi positivo permitindo atender a diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. É un grupo cunha gran capacidade a nivel académico podendo realizar actividades variadas de diversos tipos tendo unha resposta moi boa, tamén é un grupo con moita creatividade.

Sería importante seguir traballando na mesma liña deste curso xa que adquiriron novas ferramentas de xestión que sería importante seguir reforzando.

SEXTO DE PRIMARIA

1. ALUMNADO

O curso estivo formado por 20 alumnos/as. Non houbo ningunha incorporación nova polo que o grupo permaneceu estable durante todo o ano.

Este ano iniciouse un grupo de alumnos mediadores que interviron durante todo o curso nas diferentes situacións de conflito que xurdiron. Intentouse deste xeito resolvelas mediante o diálogo e levando a cabo algún círculo restaurativo.

2. FAMILIAS

As familias colaboraron activamente durante todo o curso.

Celebrouse unha primeira reunión cos pais/nais do alumnado para informar do enfoque metodolóxico e dos principais obxectivos a acadar durante o curso , tanto para 5º como principio do novo ciclo, coma para e 6º no final de Etapa .

Leváronse a cabo todas as entrevistas presenciais ou telefónicas solicitadas polos pais/nais ou polo profesorado.

A comunicación das distintas actividades levouse a cabo a través da plataforma ABALAR e do correo electrónico.

Fixéronse diferentes reunións informativas para a organización da excursión de fin de curso. A familia colaboraron na posta en marcha das distintas actividades a tal efecto.(mercadiños , etc...)

3. PROFESORADO

Este ano houbo cambios de mestres na área de inglés e de música durante o segundo e terceiro trimestre. O resto do profesorado permaneceu estable.

Incidiron na aula : mestra de lingua castelá, mestra de Pedagogía terapéutica, mestra de Audición e linguaxe, mestra de Inglés, mestra de Música, mestra de Relixión católica e o mestre de Educación física.

Debido as necesidades existentes se levaron a cabo as seguintes accións:

- reforzos na aula nas áreas de matemáticas e linguas para o grupo de nenos que presentaban dificultades nas materias.
- avaliación por parte de orientación de alumna/os con dificultades de aprendizaxe e elaboración dos diferentes informes específicos.

- intervención da especialista en audición e linguaxe nos casos necesarios.
- organizáronse periodicamente reunións interdisciplinares e de orientación.

4. ACTIVIDADES

As distintas actividades levadas a cabo foron:

• Asembleas

Son importantes porque permítenmos falar , compartir experiencias, dialogar saber escoitar, utilizar a linguaxe dun xeito comunicativo axeitado á situación, reflexionar, escoitar opinións distintas...empezando tódalas mañás dun xeito moi participativo.

• Preguntoiros

Leváronse a cabo durante dous días á semana, realizáronse as actividades propostas na programación relacionadas coas áreas de sociais e naturais e o emprego das TICS. Os nenos de 5º e 6º mesturáronse e traballaron en grupos cooperativos.

Dende o diálogo e a toma de decisión por consenso, fixeron diversas propostas de traballo, levaron a cabo investigacións e levaron a cabo distintos experimentos para sacar conclusións sobre os temas traballados.

• **Biblioteca**

Cada mes participamos nos obradoiros que se levaron a cabo na biblioteca , favorecendo o uso do espazo dun xeito seguro e traballando sobre os distintos temas propostos. No uso do servizo de empréstito os nenos rexistraron os seus libros e levouse a cabo un voluntariado para por en marcha o servizo durante o recreo. Na clase fíxose a elección, mediante consenso, dun alumno como representantes de aula para participar na comisión da organización da Bibliopatio.

• **Festas**

Participaron na romaría do Magosto.

Participación na festa de Nadal.

Participación nas actividades da Semana do Entroido.

Participación nas actividades do día de Rosalía.

Participación na festa de fin de curso.

• **Obradoiros, charlas e saídas**

- Viaxe a Coruña para a presentación de Cinema en curso no CGAI
- Exposición e actividades sobre as mulleres arquitectas.
- 24N Apuntémonos ao bo trato. Participación nas actividades organizadas no concello sobre a violencia de xénero.
- Mes da ciencia na biblioteca. Actividades sobre a economía circular e o cambio climático.
- X Certame de Nadal con Vida. Decoración das rúas de Cangas con elementos artísticos creados na aulas.
- Obradoiro de voz: respiración, rexistros de voz, entoación , lectura.
- Obradoiro de stop motion
- Ciencia en movemento . Obradoiro sobre os distintos tipos de motores
- Exposición de libros intervidos
- Club Balonmán Cangas: charla informativa
- Asociación Nós mesmas: charla sobre a identidade de xénero
- Club de remo Vila de Cangas: Actividade de iniciación e acercamento ao remo.
- Excursión fin de curso a Madrid

Cinema en curso :

Este ano a proposta foi elaborar un filme de ficción.

Os rapaces levaron a cabo durante ao ano distintos visionados de autores do cinema, fixeron a súas propias filmacións e realizáronse debates e charlas sobre as mesmas.

O director Ángel Santos acompañou aos nenos no proceso de achegamento e asistencia na rodaxe da obra.

Actividades relacionadas:

- Asistencia as proxeccións realizadas no CGAI en Coruña.
- Sesións co director Ángel Santos acerca dos procesos no cinema.
- Rodaxe na contorna como parte do proceso de exploración.
- Elaboración dun guión, creación dos personaxes a partir dunha situación emocional próxima.
- Rodaxe con equipo profesional da película.
- Estrea da película na Cineteca de Madrid , no CGAI de Coruña e no auditorio de Cangas.

O resultado final foi a película “As distancias” elaborada integramente polo alumnado.

6. AVALIACIÓN

Obsérvase un aumento do individualismo e da percepción da realidade illada do resto dos compañeiros polo meirande parte do alumnado, isto supón unha desconexión e unha falla de escoita activa en moitos momentos dos procesos de aprendizaxe.

O uso dos equipos informáticos debe estar moi pautado, posto que pode fomentar máis illamento, maior competitividade e adicción a determinados programas ou páxinas.

No traballo cooperativo as distintas habilidades e bloqueos xorden e fanse visibles . Este ano houbo certos problemas de convivencia no momento de traballar mesturados 5º e 6º, isto non favoreceu o desenvolvemento da actividades e tampouco a cohesión dos distintos grupos.

A través do diálogo, prestando atención as emocións e sentimentos intentouse crear un ambiente no que os rapaces se sentiran libres de expresarse dende o respecto aos demais e poder chegar a solucións consensuadas. Aínda así, xurdiron distintos episodios conflictivos sobre todo no recreo que necesitaron un espazo no horario para intentar ser resoltos. Quedou en evidencia a necesidade dun programa máis específico que axude aos rapaces a xestionar as súas emocións dun xeito ecolóxico.

No último trimestre observouse un menor grado de implicación do alumnado nas distintas actividades propostas na aula o que se reflectiu nas aprendizaxes e os resultados acadados.

9. RELIXIÓN CATÓLICA

1.- DATOS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

Carmen López Fabeiro, mestra de Relixión do CEIP A Rúa , itinerante co CEIP plurilingüe do Castrillón – Coiro (centro base). Neste curso 2022-23 impartín clase nas aulas de 2º, 5º e 6º de Primaria, con permanencia no centro os mércores.

Non se empregou libro de texto en ningún curso. A metodoloxía empregada foi a través de propostas sinxelas empregando como motivación vídeos, imaxes e pequenos textos. Traballando a educación emocional e a educación en valores, promovendo a participación activa do meu alumnado, partindo da súa realidade próxima, de exemplos da súa vida cotiá, de experiencias motivadoras e adaptadas ás súas capacidades, necesidades e intereses.

Neste curso elaboramos murais:

1º Trimestre: Un gran mural da Creación feito cos debuxos realizados

polos nenos/as de 2º curso.

2º Trimestre: Unha gran pomba feita con bandeiras dos distintos países que está exposta no corredor do 1º andar (CONMEMORACIÓN 30 XANEIRO, Día Escolar da no violencia e da paz).

3º Trimestre: Realizouse un traballo sobre O Camiño de Santiago, onde cada neno/a de curso buscou información no seu ordenador sobre o camiño que lle tocou traballar e expuxérono na aula.

2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E NIVEL DE

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DIDÁCTICO:

Acadáronse os obxectivos programados para Educación Primaria na súa totalidade.

3. AUTOAVALIACIÓN DOCENTE:

Nas clases acadouse un ambiente de tranquilidade e respecto o que facilitou o traballo.

4. RESULTADOS ACADÉMICOS

Realizouse unha avaliación continua ó longo do curso, tendo en conta os seguintes criterios.

- O traballo persoal e diario do alumnado, reflectido nos dossiers e traballos feitos durante as clases.
- A actitude e o comportamento do alumno/a con respecto ao mestre e aos seus compañeiros/as.
- A participación no grupo.
- O grado de formación que acadaron, actitudes e valores. Todo o alumnado superou a materia acadando os obxectivos propostos.

5. RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

A programación seguiu-se como estaba establecida.

6. PROPOSTAS DE MELLORA.

- Diseñar propostas máis curtas para que lles dea tempo durante a sesión.

- Intentar que quede un tempo ao final de cada sesión para poder facer unha reflexión sobre o traballado.

10.- MEMORIA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Seguindo as directrices do Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e pola Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, ao final do curso os Departamentos de Orientación realizarán unha memoria na que se recollerán, cando menos, os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do Plan de Orientación, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.

1. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

1.1. Constitución do Departamento de Orientación:

Continuando co establecido polo Decreto 120/1998 , do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia , no seu Artigo 4º, e tendo en conta o persoal do centro, constitúese o Departamento de Orientación do CEIP A Rúa de Cangas , no día 4 de outubro do 2022,cos seguintes integrantes:

- Coordinadora do 2º ciclo de Infantil: Beatriz Bouzón Couñago
- Coordinadora do 1º ciclo de Primaria: Rosa Mª López Sotelo
- Coordinadora do 2º ciclo de Primaria : María Pequeño del Río
- Coordinadora do 3º ciclo de Primaria : Ana Portas Barreiro
- Coordinadora de EDLG : Ana Mª Hermelo Pousa

- Xefa do Departamento de Orientación: Karina Cernadas Trillo, Silvia Caride y Silvia Mª Bayo.

- Mestra de Pedagogía Terapéutica: Rosa Ana Rúa Pena
- Mestra de Audición e Linguaxe: Julia Iglesias Rivasno

1.2. Xuntanzas e coordinación con outros profesionais:

Mantivéronse reunións mensuais do equipo para levar a cabo o seguimento do alumnado do centro..

Por outra banda, mantivéronse xuntanzas de coordinación co Orientador do IES de Rodeira, centro ao que figura adscrito o CEIP A Rúa, para intercambio de información sobre o alumnado que comezará no instituto o vindeiro curso.

Mantivéronse tamén, reunións telemáticas coas especialistas do Servizo de Atención Temperá, cos Servizos Sociais e coa Asistente Social do Concello para coordinar as intervencións, así como para intercambiar información e facer o seguimento do alumnado que temos en común.

Estableceuse contacto telefónico cos especialistas de gabinetes externos ao centro, que atenden a parte do noso alumnado, para o intercambio de información.

Ao longo do curso, semanalmente, a Xefa do Departamento de Orientación interesouse pola situación de cada aula, facendo visitas nalgún momento da xornada para observar e poder intercambiar información coas titoras das situacións que fosen necesario abordar.

1.3. Elaboración do Plan Anual de Actividades:

Tomando como referente a circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que dita as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación, relacionadas con:

1. A inclusión e a diversidade
2. DRDadi
3. Tramitación de Becas do MEC para a alumnado con NEAE
4. Apoio á acción titorial
5. Convivencia e educación en valores
6. Plan de orientación, plan anual e memoria de cada curso.
7. Os procesos de avaliación psicopedagóxica, elaboración de informes e calidade.
8. DRDorienta

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO DEPARTAMENTO:

Conforme co establecido no Plan de Orientación anual, as actividades organízanse basicamente en dous ámbitos principais:

2.1. En relación co Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD):

- Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo a cargo das Mestras Especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica: No Centro foron atendidos polo profesorado especialista de PT e AL no curso un total de 39 alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Durante o segundo trimestre, debido as dificultades de convivencia e cohesión nos grupos de 5º e 6º curso de Educación Primaria, a Xefa do Departamento de Orientación dirixiu varias sesión de asemblea para reconducir a situación.

O alumnado con NEAE (Necesidade Específica de Apoio Educativo) ascende a un total

de 47 e distribuíuse do seguinte xeito en canto á tipoloxía das súas necesidades:

- 5 Alumnos con Necesidades Educativas Especiais con certificado de discapacidade. Alumnos/as con diagnóstico de TDAH /TDA. Alumnos con TEA valorados polos Servizos Médicos.
- 2 Alumnos con posible atraso no desenvolvemento e/ou da linguaxe en valoración médica.
- 7 Alumnos/as que acoden ao Servizo de Atención Temperá.
- 3 Alumnos con problemas de conduta.
- 2 Alumnos con altas capacidades.
- 22 Alumnos/as con dificultades específicas da aprendizaxe.
- 7 Alumnos/as con familias en seguimento polos servizos sociais do concello ou Servizo de Menores da Xunta de Galicia.
- 1 Alumna con condicións persoais ou de historia escolar (identidade de xénero).
- 1 Alumna con Trastorno Específico de Linguaxe.
- 22 Alumnos/as con dificultades psicolingüísticas.

Detección e valoración psicopedagóxica de novo alumnado:

No presente curso, elaboráronse 31 informes por parte da Xefatura do

Departamento de Orientación:

4º E.I.	Dous informes de seguimento. Un informe para o Servizo de menores Un informe para Servizos Sociais
5º E.I.	Informe de seguimento

<p>6º E.I.</p>	<p>Un informes de avaliación psicopedagóxica</p> <p>Dous informe para o Servizo de Menores.</p> <p>Un informe derivación EOE.</p>
<p>1º E.P.</p>	<p>Un informe para Xulgados</p>
<p>2º E.P.</p>	<p>Un informe derivación UACO</p> <p>Dous informes de seguimento</p> <p>Dous informes de avaliación psicopedagóxica</p> <p>Un informe derivación EOE.</p>
<p>3º E.P.</p>	<p>Un informe de derivación EOE.</p> <p>Catro informes de avaliación psicopedagóxica.</p>
<p>4º E.P.</p>	<p>Un informe de avaliación psicopedagóxica.</p>
<p>5º E.P.</p>	<p>Dous informes de seguimento.</p> <p>Catro informes de avaliación psicopedagóxica.</p>
<p>6º E.P.</p>	<p>Dous informes de avaliación psicopedagóxica.</p>

Por outra banda, tramitáronse catro solicitudes de bolsas ANEAE, dúas en 5º de Educación Infantil e outras dúas en 6º de Educación Primaria. Redactouse un ditame de escolarización con solicitude de flexibilización por ampliación do período de escolarización na etapa de 6º de Educación Infantil. Solicitouse a intervención do EOE de Pontevedra con catro alumnos: dous por altas capacidades e outros dous por conduta.

Debido aos indicios de posible negligencia do trato no ámbito familiar dunha menor escolarizada no centro, seguindo o establecido no protocolo de actuación ante as sospeitas de maltrato infantil, abriuse procedemento a través da plataforma RUMI (Rede unificada de maltrato infantil).

- Programa de estimulación da linguaxe en educación infantil (PELO):

Levado a cabo pola Mestra Especialista en Audición e Linguaxe ao longo de todo o curso escolar na etapa de Educación Infantil.

- Apoio ao profesorado:

Asesoramento ao profesorado en todo o relacionado coa detección das necesidades educativas especiais do alumnado, atención individualizada, organización dos apoios, medidas metodolóxicas máis recomendables e protocolo para solicitar a Avaliación Psicopedagóxica.

- Asesoramento ás familias do alumnado:

O Departamento de Orientación ofreceu a súa atención ás familias que así o demandaron, actuando coa maior flexibilidade posible co obxecto de poder adaptarse aos diferentes horarios de dispoñibilidade.

- Seguimento do alumnado que asiste a servizos externos ao centro:

O Departamento mantivo contacto co Servizo de Atención Temperá para o seguimento do alumnado usuario do mesmo. Tamén se realizaron entrevistas telefónicas cos gabinetes externos ao que acode o alumnado.

2.2. En relación co Plan de Acción Titorial (PAT):

- Centro: Asesoramento ao Equipo Directivo nas situacións que así o requirisen.

- Profesorado: Achegamento de información e asesoramento ás titoras en relación ás necesidades do alumnado: avaliación inicial, pautas para as familias, aspectos pedagóxicos, metodoloxía...

Acompañamento nas reunións efectuadas coas familias sempre que así se demandase por parte do profesorado.

Intercambio de información por parte do equipo que compuxo o Departamento de Orientación nas sesións de avaliación co resto do profesorado con obxecto de poñer en marcha as medidas máis adecuadas a cada caso.

- Alumnado:

Orientación académica ao alumnado que finalizou a etapa de Educación Primaria. Mantivéronse reunións co Departamento de Orientación do IES adscrito, nas cales se compartiu información do alumnado que se incorpora o vindeiro curso ao seu Centro, ademais, coordinouse unha visita alí deste alumnado en xuño. Elaboráronse un total de 20 informes finais individualizados por parte da titora de sexto, que foron remitidos ao IES xunto cos Informes Psicopedagóxicos actualizados de aquel alumnado que tivese un aberto no Departamento de Orientación.

- Familias:

Recibiuse ás familias do alumnado que así o solicitaron. Desde o Departamento de Orientación, facilitáronse pautas de actuación destinadas á mellora da conduta, mellora da atención, mellora da lectoescritura, estimulación da linguaxe oral, atención ás altas capacidades, xestión dos intercambios entre pais e nais separados, e depresión infantil con obxecto de acadar unha maior coherencia educativa entre a escola e a familia.

- Colaboración con Servizos Municipais:

O Concello de Cangas ofrece servizos para integrar no PAT e o PXAD: a aula de estimulación, que intervén con alumnado con necesidade específica de apoio educativo dentro dun programa de atención temperá, e o servizo de atención a familias en risco de exclusión social (RAIS) que atende a menores deste centro.

A Concellería de Benestar Social realiza o seguimento de Servizos Sociais a catro familias , en coordinación co Servizo de Menores da Xunta de Galicia.

- Demandas da Administración:

Cumpríméntanse os datos estatísticos demandados pola Administración educativa nas aplicacións creadas a tal efecto: DRDorienta e DRDadi. Por outra banda, seguíronse todos os protocolos abertos tal e como se indicaron. Ademais, remitíronse os Programas de Intervención de todo o alumnado atendido polo Departamento de Orientación neste curso cando foron solicitados.

11. MEMORIA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE

-

3.1 ALUMNADO APOIADO:

Educación Infantil:

4º E. Infantil: 3

5º E. Infantil: 2

6º E. Infantil: 5

Educación Primaria:

1º E. Primaria: 2

2º E. Primaria: 1

3º E. Primaria: 3

4º E. Primaria: 4

6ºE. Primaria: 2

3.2 Valoración da coordinación:

A coordinación, con respecto a algún alumno, non foi suficiente. As características deste alumnado e as grandes necesidades precisarían de máis tempos nos que xuntarnos todos os implicados na súa intervención.

3.3 Valoración repercusión das medidas de apoio:

As medidas de apoio tiveron, en xeral, unha boa repercusión en todo o alumnado. Cabe destacar que foron insuficientes nun caso en concreto, o dunha alumna con necesidade específica de apoio educativo matriculada no noso centro a mediados de curso e no que foi moi complicado refacer o horario para poder ofrecer os apoios necesarios.

3.4. Previsións para o próximo curso e propostas de mellora

Para o vindeiro curso prevese que precisarán intervención:

Educación Infantil:

5º E. Infantil: 2 alumnos/as

6º E. Infantil: 2 alumnos/as

Educación Primaria:

1º E. Primaria: 2 alumnos/as

2º E. Primaria: 2 alumnos/as

4º E. Primaria: 3 alumnos/as

5º E. Primaria: 3 alumnos/as

3.5 Propostas de mellora

O próximo curso volverei itinerar, o que supón que estarei tres días no CEIP A Rúa. Será moi complicado atender todas as necesidades do noso alumnado, polo que sería conveniente que se cubrisen eses dous días con outro AL, xa que senón será imposible ofrecer as intervencións na linguaxe e comunicación que precisa o noso

alumnado

12 . MEMORIA ESPECIALISTA PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

O apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo enmárcase dentro das actuacións programadas polo Departamento de Orientación para a atención á diversidade no centro (recollida na Orde do 8 de setembro de 2021), constituíndo unha das funcións prioritarias das mestras de pedagogía terapéutica.

Neste curso académico 2022/2023 o apoio ás necesidades educativas especiais, con relación á aula de Pedagogía Terapéutica, foi levado a cabo polas mestras especialistas Rosa Ana Rúa Pena, con destino definitivo e horario completo.

1. ALUMNADO QUE RECIBIU ATENCIÓN EDUCATIVA AO LONGO DO CURSO.

	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación

Curso	Fóra da aula	Dentro da aula	Fóra da aula	Dentro da aula	Fóra da aula	Dentro da aula
5A	2 alumnos		2 alumnos		2 alumnos	
1º		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.
2º	2 alumnos	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.	2 alumnos	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.	2 alumnos	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.

3°		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.
4°		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.
5°		Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.	3 alumn@s	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.	3 alumn@s	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.

6º	3 alumn@s	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.	3 alumn@s	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.	3 alumn@s	Todo o grupo, con especial atención ao alumnado con neae.
----	-----------	---	-----------	---	-----------	---

a) Apoio directo individualizado: para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, principalmente dificultades específicas de aprendizaxe e TDAH, impartido dentro ou fóra da aula de referencia, en grupos reducidos. Neste curso foron atendidos baixo esta modalidade de apoio 32 alumnos/as.

b) Apoio directo grupal: dentro da aula ordinaria e para a totalidade dos alumnos/as presentes na mesma en todos os cursos de primaria a través do apoio en distintos momentos.

c) Apoio indirecto: a través da asistencia ás reunións do Departamento de Orientación e do Claustro de profesores; participando nas sesións de avaliación e nas entrevistas coas familias; mantendo unha estreita colaboración co resto do profesorado en especial cos mestres/as titores coa finalidade de coordinar as actuacións e os obxectivos a acadar, así como facilitar materiais e recursos específicos para determinados alumnos/as que os precisaron nalgún momento do curso escolar.

2. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA.

Os obxectivos establecidos na programación de pedagogía terapéutica para o curso 2022-20223 foron:

- Adecuar a resposta educativa individualizada ás necesidades de cada alumno e alumna, prestando especial atención ó aspectos da súa personalidade e á

adquisición das competencias básicas.

- Favorecer o desenvolvemento dun auto concepto positivo e o incremento da autoestima do alumnado, a partir da valoración de pequenos logros persoais e académicos.

- Acompañar ao alumnado na identificación, o coñecemento e o control das propias emocións.

- Acadar un clima afectivo de traballo que permita incrementar o nivel de motivación, interese e esforzo nas tarefas escolares.

- Reforzar os coñecementos e as destrezas nas áreas instrumentais, fundamentalmente, nas habilidades asociadas á lectura e á escritura.

- Utilizar diferentes técnicas que favorezan a atención e a concentración.

- Lograr o maior grao de integración posible de cada alumno/a na súa aula e no centro.

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento de proxectos de traballo e na posta en práctica de estruturas de aprendizaxe cooperativa.

- Mellorar as relacións interpersoais e a convivencia no centro, desenvolvemento as habilidades sociais e fomentando actividades de aprendizaxe cooperativa.

- Desenvolver a coordinación cos titores, cos mestres/as especialistas e coa mestra de audición e linguaxe favorecendo a coherencia e a efectividade.

- Contribuír a reforzar a función titorial.

- Colaborar coas familias no desenvolvemento dos programas educativos dos seus fillos/as.

- Participar nas funcións da Orientación Educativa do centro.

- Priorizar a detección temperá de necesidades e a intervención preventiva.

Tendo presente os citados obxectivos pódese indicar que, ó remate do curso académico, estes foron acadados nun grao bastante satisfactorio.

Non obstante, tentamos en todo momento fomentar iniciativas que permitiran acadar eses obxectivos iniciais, destacando as seguintes:

- A posta en marcha de medidas de atención á diversidade. Priorizouse unha intervención preventiva agás co alumnado con necesidades moi significativas e a detección temperá das problemáticas.

- Desenvolvemento de actividades de aprendizaxe para traballar as técnicas instrumentais básicas adaptadas ás características dos alumnos/as, fomentando a adquisición e o desempeño das competencias clave.

- Fomento de iniciativas para favorecer a autoestima, as habilidades sociais, a aprendizaxe cooperativa, a educación emocional, as relacións interpersoais, etc. reforzando a acción tutorial.

- Traballo de habilidades como a atención, a concentración, o razoamento lóxico, a memoria, a coordinación espazo- temporal, comprensión escrita e verbal, etc.

- A utilización dunha metodoloxía activa, participativa e manipulativa procurando un ambiente estimulante e motivador que favorecese o traballo, as relacións sociais e o máximo desenvolvemento das capacidades dos alumnos/as.

- Emprego duns recursos materiais e didácticos adaptados ás características dos alumnos/as e adecuados para o logro dos obxectivos previstos, priorizando o emprego das novas tecnoloxías.

- Emprego de espazos que favorecen a aprendizaxe dos alumnos/as.

- A flexibilidade nos tempos: na elaboración dos horarios, na realización das actividades, etc.

- Establecemento de agrupamentos flexibles en función das necesidades do alumnado e do centro.

- A existencia dunha estreita coordinación con todos os profesionais que participaron na atención ó alumnado con neae: titora, mestra de audición e linguaxe e mestres especialistas, así como coa orientadora e a xefa de estudos.

- A realización de entrevistas coas familias para tratar cuestións relativas á evolución dos seus fillos/as na escola.

- A utilización dunha avaliación continua e personalizada en función da intervención específica con cada alumno/a, dos criterios de avaliación do seu currículo de referencia e, de ser o caso, dos criterios establecidos na súa adaptación curricular.

- A adaptación dos instrumentos de avaliación segundo as características dos alumnos/as.

3. VALORACIÓN XERAL DO TRABALLO REALIZADO.

En termos xerais, a valoración global do traballo realizado é positiva. A meirande parte do alumnado logrou mellorar na súa aprendizaxe e lograr os obxectivos propostos.

Sen embargo, vimos observando nos últimos cursos (especialmente dende a pandemia) unha gran dificultade para o traballo en grupo, así como para manter a atención e a concentración, o que complica a adquisición dos contidos e destrezas e deriva a miúdo en diversas dificultades de aprendizaxe. Sería precisa unha maior dotación de profesorado especialista e/ou unha diminución da ratio por grupo.

4. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO ACADÉMICO.

Incluimos como propostas de mellora para o próximo ano escolar as seguintes:

- Incrementar a aplicación de experiencias de aprendizaxe cooperativa intra e intergrupais, poñendo en práctica técnicas e estratexias de cohesión grupal.
- Incidir de xeito explícito e implícito dende Educación Infantil no desenvolvemento de actitudes e aptitudes que se amosan como prerequisites para a aprendizaxe: atención, concentración, reflexividade, escoita activa...
- Aumento de profesorado especialista, contando como mínimo con orientador/a e mestra de AL a tempo completo.

Conclusións e propostas de mellora.

En termos xerais, o Departamento de Orientación tento dar respostas a todas as dificultades xurdidas no curso. Pódese falar dunha alta demanda de intervención tanto por parte das familias como do profesorado que limitou a capacidade do Departamento de afondar máis nas diferentes problemáticas do alumnado. Todo isto, fixo patente a necesidade dunha maior eficiencia. O feito de que a praza de Xefe/a do

Departamento sexa itinerante, deixando só a posibilidade de permanencia no centro tres días por semana e que pasase por diferentes mans ao longo dos últimos cursos, deu como resultado un certo desorde na información gardada. Con todo, púxose en marcha un proceso de reorganización co establecemento dun criterio unificado á hora de archivar novas información do alumnado:

- Cada alumno dispón dunha carpeta co seu nomes e apelidos no seu curso correspondente.
- Cada informe ou documento que se introduza na carpeta deberá nomearse do seguinte xeito: ano – mes e nome do contido do documento.
- Ao remate do curso redactarase un informe coas prioridades de fronte ao curso seguinte como guía á persoa que desenvolve o posto de Xefe/a do Departamento.
- Ademais, na medida do posible, irase dixitalizando a documentación existente ou a nova que se achegue en formato papel.

Ao unificar criterios, facilitarase a labor de quen estea ao fronte do Departamento y poderá visualizar con maior rapidez o que precise. Toda a documentación dixital está xa ordenada baixo este criterio.

Neste curso intentouse establecer unha maior coordinación Titoría - Departamento que dese como froito unha mellor atención das necesidades do alumnado, algo que, en termos xerais, considérase acadado. É moi importante seguir afondando nesta metodoloxía de traballo de campo que permita ir superando as dificultades que xurdan.

É importante tamén, que nos próximos cursos váianse renovando algunhas das probas que xa están obsoletas. Neste curso comprouse algunha proba máis específica para o diagnóstico de dislexia e TDAH.

O traballo levado a cabo polo equipo de especialistas que compoñen o Departamento de Orientación estivo á altura das diferentes necesidades que existían e que foron xurdindo. Aínda con todo, cómpre destacar a necesidade de máis dotación de recursos humanos e de tempo de permanencia no centro que permitan ofertar unha atención educativa de calidade e axeitada ás necesidades do alumnado.

13. DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA

Este ano comezamos o curso coa formación de mediadores no mes de setembro, durante varias sesión baixaron a formarse para poder estar preparados para interceder nos conflitos que xurdiran durante o curso:

 MEDIADORES/AS				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
 Candela 4º	 Cloe 4º	 Manuel 4º	 Breixo 4º	 Daniel 4º
 Dani 5º	 Alejandro 5º	 Adel 5º	 Sabela 5º	 Lola 5º
 Zoe 6º	 Rubén 6º	 Blas 6º	 Antía 6º	 Mateo 6º

Este curso a “Coviña de Roni” foi empregada especialmente para iso uso polo que na última reunión de Convivencia decidimos comprar unha mesa redonda para ese espazo coa finalidade de posibilitar as reunións; aínda que seguirá sendo un lugar con recursos para as titorías en materia de convivencia; onde poderán atopar libros de formación, contos, materiais sobre emoción, mandalas e outros elementos que axudan á volta a calma.

Realizáronse 3 reunións, a primeira delas centrada nalgúns problemas de convivencia e na mellora do funcionamento do comedor, a raíz diso tomáronse medidas que se aplicaron nel, resultando positivas e non amosando problemas este ano no comedor; por outra banda chamouse a REOGAL, onde contamos coa intervención da UACO en varios casos do centro; na segunda reunión e última o tema máis importante foi o de problemas no patio e nas relacións entre o alumnado de 3º ciclo, aplicando despois as medidas acordadas.

14. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA MEMORIA BIBLIOTECA ESCOLAR

1. ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO XERAIS DA BIBLIOTECA AO LONGO DO CURSO 22/23

Formación de usuarios e usuarias.

Este curso solicitamos o Equipo Directivo varias sesións das reunións dos martes pola tarde para formar e explicar o funcionamento da nosa biblioteca a todo o profesorado (distribución dos fondos, normas, onde están situadas as actividades de formación de usuarios, para que serven, como se levan a cabo,...).

O equipo de biblioteca preparou actividades para desenvolver o longo do primeiro mes o funcionamento da biblioteca, normas e usos dos diferentes espazos. Por outra banda unha mestra do equipo de biblioteca formou aos voluntarios que realizaron préstamo nas horas de patio.

Mochilas viaxeiras en colaboración coa coordinadora de EDLG.

Tódalas aulas do centro participaron nesta proposta, onde cada alumno gozaba na súa casa con libros en galego de diferentes temáticas e estilos literarios.

Catálogo de exemplares, expurga e ordenación dos fondos bibliográficos con códigos.

Actualmente tódolos fondos da nosa biblioteca están catalogados polo programa Meiga, quixéramos sinalar que moitos fondos antigos non estaban rexistrados, ou tiñan varios exemplares dun mesmo libro o mesmo número de rexistro,...

Ademáis tódolos libros de narrativa levan pegatinas coa letra para identificar en que andel se teñen que situar unha vez devoltos.

Obradoiros de Biblioteca en Infantil e Primaria.

Ao longo deste curso a comisión de biblioteca programou para cada mes actividades e propostas para realizar nas sesións que cada titor tiña asignadas no seu horario na biblioteca escolar. Ademais a comisión de Biblioteca organizou en colaboración cos titores, diferentes obradoiros con familiares expertos.

Creación de novos espazos (xogos de mesa, consulta, robótica ...)

Como detallamos no apartado seguinte a comisión de biblioteca reorganizou a disposición da biblioteca e dinamizou novos espazos o longo do curso con propostas e actividades para cada un destes espazos.

Creación dunha Biblioteca de patio.

No segundo e terceiro trimestre creouse unha comisión de alumnado para o deseño e posta en marcha da biblioteca de patio. Rematando de montala no terceiro trimestre.

Creación dunha comisión de familias.

En Novembro creouse unha comisión de biblioteca de familias e participouse no programa "Lectura e familias" chegando a realizar tódalas actividades programadas para este plan.

Creación dun espazo de lectura para familias.

No primeiro trimestre, cambiouse o mobiliario e preparouse un espazo o lado da biblioteca escolar para as familias, contando con exemplares bibliográficos das temáticas de interese para elas.

Formación para profesorado e familia sobre o proceso de adquisición da competencia lectora.

Ao longo de todo o curso realizáronse varias charlas e formacións para o profesorado e familias en relación a: o proceso de adquisición de lectura e escritura, animación a lectura no ámbito familiar, fake news.

Creación e consolidación de hábitos de lectura.

Ao longo de todo o curso a comisión de biblioteca fixo propostas lectoras mensuais e actualizou os fondos bibliográficos estando as novidades literarias presentes para os usuarios da biblioteca.

Ademais de promover a creación de diferentes espazos de lectura nas aulas, corredores e o intercambio de lecturas entre alumnado de diferentes niveis e familias.

Programar actividades para fomentar a Competencia lectora e Competencia literaria.

Dende Outubro a Maio a biblioteca propuxo para o alumnado e profesorado diferentes propostas, actividades e dinámicas que fomentasen a competencia lectora, o tratamento da información e investigación, así como a expresión oral e escrita.

Ademais facilitou aos titores exemplares bibliográficos e xogos didácticos para o emprego na aula ou na biblioteca.

2.INTERVENCIÓNS NA ORGANIZACIÓN E O ESPAZO DE BIBLIOTECA

Ao inicio de curso realizamos unha mellora na organización do espazo de biblioteca, creando novos espazos que se dinamizaron o longo de todo o curso, para que o alumnado tivese propostas diversas de aprendizaxe nos patios e nas sesións semanais de biblioteca de aula.

Os novos espazos creados foron:

- **Un espazo de mesa de estación, calendario e propostas de lectura mensuais** cunha temática relacionada coa programación de actividades da biblioteca. Este espazo modificouse cada mes e nel se colocaban recomendacións lectoras segundo as conmemoracións ou obradoiros que se programaban para realizar na biblioteca.
- **Un espazo maker:** anexo a radio creouse un lugar con propostas de fotografía, luz, cine e técnica croma. Para este espazo mercouse unha cámara fotográfica, colocouse materiais para realizar croma, cámara de vídeo e materiais para facer representacións con luz. Ademais de incorporar fondos bibliográficos destas temáticas.

- **O Espazo de Radio** : Este ano o traballo de radio non se artellou como outros anos, podendo usar a radio calquera curso e oír os podcast na aula, colgados na páxina do centro; no primeiro trimestre cuarto de primaria fixo un vídeo sobre os dereitos dos nenos, no segundo trimestre: recitados de poesías de Rosalía por todos os cursos dende infantil a primaria e no terceiro trimestre: cuarto realizou dous audiolibros e terceiro ciclo 5 obras de radioteatro e a maiores o programa de "Na rúa o sabemos" , baseado no programa de televisión " Dígocho eu".
- **Un espazo de Arte.** Mercamos mesa e cadeiras, e acondicionamos este espazo con material funxible e de refugallo con propostas creativas e artísticas en función da temática mensual.
- **Un espazo de construción.** Este espazo conta cunha tarima de madeira e puffs onde os alumnos realizan coñeceron diferentes materiais de construción para realizar actividades de orientación espacial, lóxica-matemática, cooperación. Un dos materiais máis empregados foi uns bloques de construción que se mercaron para un obradoiro de arquitectura para todo o centro, propoñendo exemplares bibliográficos sobre mulleres arquitectas ou construcións.
- **Un espazo de calma e de lectura en recollemento.** Observamos que en moitas ocasións o alumnado buscaba lugares tranquilos e para ler no chan. Por este motivo, creamos cun tipi un espazo lectura na zona de fondos bibliográficos de literatura
- **Un espazo de biblioteca no patio.** Un dos proxectos nos que participa o centro é de patios inclusivos, este curso con axuda de Mar Penela deseñamos e creamos entre toda a comunidade o espazo de biblioteca de patio, que comezou a funcionar o final do terceiro trimestre.
- **Espazo de minimundos de conto.** Colocamos un caixón sensorial onde ao longo do curso creáronse diferentes minimundos relacionados cun conto ou temática.
- **Un espazo de lectura para familias.** Para o noso centro é importante, o vínculo coas familias e a súa vivencia día a día no centro, por este motivo, coa axuda da comisión de familias da biblioteca, mercamos mobiliario e construimos este novo espazo onde as familias poden ler e documentarse sobre obradoiros e actividades do centro.

- **Espazo de lectura dixital:** Neste novo espazo da biblio, atoparemos unha tableta, que valerá tanto para ler libros en liña, de realidade aumentada ou visualizar os códigos QR, realizados na actividade de booktubers en lingua castelá en 3º ciclo. Para inaugurar esta sección, convidamos as familias a unha presentación na que o alumnado de 5º de primaria lles explicou todo o proceso seguido; o obxectivo de booktubers naceu para mobilizar a biblio de Roni, en especial para incentivar a ler máis libros de narrativa, poesía, teatro e bibliografías, xa que o máis lido eran cómic e libros sobre ciencias, así os usuarios da biblioteca escaneando o código QR poderán ver a opinión do alumnado que xa leu ese libro; podería aparecer un booktuber falando do libro, un stop motión, ou un video debuxado da historia... debido a que ao longo dos tres trimestres experimentaron distintas formas de facer recomendacións lectoras. Para este espazo mercouse unha tablet e material para creación de contido dixital.

Por outra banda, distribuíuse o horario da biblioteca para que cada aula tivese sesións de biblioteca para realizar as actividades propostas pola comisión ou empregar o espazo para as súas sesións de diferentes áreas empregando fondos bibliográficos.

A biblioteca escolar comezou a empregarse na hora de patio como un espazo de lectura e uso dos espazos creados. Tamén ampliamos o horario de uso polas tardes dende as 16:30 ata 17:30 para alumnado e familias.

Nas horas de patio, formouse no funcionamento do programa Meiga e na ordenación dos fondos bibliográficos, a un grupo de alumnos voluntarios de 5º e 6º de primaria, que realizaba préstamos e axudaba na xestión da biblioteca neste tempo.

Aumentouse o número de xogos de lóxica matemática e conciencia fonolóxica para a sección de xogos tendo en conta as recomendacións de Maria Couso na formación realizada polo profesorado e familias na biblioteca do centro. Estes xogos foron presentados a todo o profesorado e creouse unha lista para todo o profesorado e poder empregarlos na aula ou na biblioteca.

Creouse a comisión de Biblioteca de Familias coa coordinadora do Equipo de biblioteca de docentes e 5 representantes de familias. Esta comisión presentou un proxecto o “Plan de Lectura e familias” pola que recibimos unha dotación e serviu para organizar diferentes actividades e crear novos espazos para toda a comunidade. Realizáronse dúas xuntanzas o trimestre para programar a dinamización da biblioteca

polas tardes, a creación do espazo de familias, colaborar nas xuntanzas de alumnado e a construción de biblioteca de patio, contratar formacións, talleres para familias e alumnado de animación a lectura e colaborar na organización e funcionamento da biblioteca.

3.DESCRICIÓN DE ACTIVIDADES DO CURSO ESCOLAR 22/23

ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA EN HORARIO LECTIVO

Cada mes o equipo de biblioteca preparaba os espazos con diferentes actividades e propostas para realizar o longo deste tempo nas sesións de biblioteca. Estas actividades dábanse a coñecer o profesorado a través dun documento ou de forma presencial por algún membro do equipo da BE.

As actividades realizadas na biblioteca foron publicadas no Instagram para ter unha maior difusión e coñecemento na contorna e comunidade educativa.

O ESPAZO DE MESA ESTACIONAL E CALENDARIO E NOVIDADES era empregado polo alumnado e profesorado para coñecer novas lecturas ou realizar algunha actividade cos libros recomendados.

OUTUBRO: INAUGURACIÓN DA BIBLIOTECA E FORMACIÓN DE USUARIOS

O día das bibliotecas escolares 24 de outubro, Inauguración do espazo participando todo o alumnado nun obradoiro realizado por unha familia do centro, onde cada alumno realizou “LIBROS SENSORIAIS” o estilo de Bruno Munari.

ACTIVIDADE “MANEXANDO A CDU ILUSTRADA”:Por grupos teñen para observar a CDU ILUSTRADA e iconas clasificadas por cor, para buscar e identificar onde estarían ubicados na nosa biblioteca, xa que as andeis están identificadas coas mesmas tarxetas.

ACTIVIDADE "OS LIBROS PERDIDOS":Por grupos poden buscarlle a súa tarxeta da CDU os libros da caixa e identificar onde estarían eses libros colados na nosa biblioteca.

Entregouse unha guía o profesorado para realizar na aula unha dinámica co fin de crear a súa biblioteca de aula de xeito cooperativo.

ACTIVIDADES CON CONTOS: "UNA HISTORIA"traballando a través do movemento, o debuxo as fases de creación dunha historia, “SI NO TE GUSTA LEER,

NO ES CULPA TUYA” o alumando de terceiro ciclo realizaba frases motivadoras para a lectura, “LA NIÑA QUE SALVÓ LOS LIBROS”.

NOVIEMBRE: MES DA CIENCIA E CELEBRACIÓN DO SANMAÍN

Para a celebración de Samaín as persoas integrantes do equipo de biblioteca ambientamos a biblioteca e preparamos un conto para cada curso, e agasallamos cun libro a cada alumno/a.

LIBROS TRABALLADOS: “Ada magnífica-científica”, “Experimentos(rápidos)”, “En un segundo, las velocidades del universo”, “Virus”, “Tamgram gato” etc.

Este mes realizáronse actividades manipulativas nos diferentes espazos: puzzles do corpo humano, Experimentación con luces sobre o efecto RGB, traballouse o método científico presentando unha ficha de pasos e recollida de datos elaborando un experimento dun libro da BE. Un xogo con Bitbot a través de preguntas sobre un libro de curiosidades, un microespacio de experimentación co magnetismo e relación aun exemplar dunha nova colección de libros sobre ciencia.

No espazo de arte crearon un taumátropo e no espazo de xogos de mesa propúxose o xogo “Antivirus”

DECEMBRO: O NADAL NO MUNDO ENTEIRO

Libros traballados: “Gato e Neve”, “Un, dous, tres e Nadal”, e o conto creado pola comisión de biblioteca.

Elaboramos unha actividade conxunta na que a mascota da biblioteca propoñía un reto para cada curso para conseguir que tódolos personaxes de nadal do mundo puidesen celebrar unha cea na nosa biblioteca escolar. Cada titor contaba o conto creado e realizaba o seu reto(crear unha invitación, colocar o material para a festa, crear un stopmotion). Enlace:[A festa de Roni](#)

XANEIRO: CALMA, ATENCIÓN E AUTOREGULACIÓN EMOCIONAL

Libros traballados: “Respira”, “Wonder”, “Juguemos a hacer Yoga”, “NoséNopuedoNomesale”

Para este mes, traballamos nas sesións de biblioteca para mellorar a convivencia escolar e a autorregulación emocional. Propuxéronse no espazo de arte a creación de mandalas con material de refugallo e a concentración a través da cor. No espazo de recolleto propuxemos exercicios de respiracións e as tarxetas de posturas do

libro "Jugamos a hacer Yoga", No espazo maker propuxemos facer fotografías dos espazos nos que estou en calma no cole e tamen unha proposta para familias para compartir co resto de alumnado os seus espazos de lectura en calma. Por último traballando o libro de citas "Wonder" o alumnado escribiu frases motivadoras e positivas para o espazo de mediación do centro "A coviña de Roni"

FEBREIRO: OS ENTROIDOS MAIS IMPORTANTES DE GALICIA

Neste mes traballamos en tódalas aulas con dous exemplares: "É tempo de entroido" e "Non pare a festa e tempo de entroido"

Ao longo dos mes de febreiro unha integrante do equipo da biblioteca presentou a todo o alumnado do cole os entroidos máis coñecidos de Galicia nas sesións de Biblio. E Roni como cada curso propuxo as consignas de entroido.

MARZO: AS MULLERES DA NOSA VIDA

Para este mes pretendíamos poñer en valor o traballo da muller e a súa labor nas nosas vidas e no mundo. Preparamos para cada espazo propostas que deran a coñecer mulleres importantes no mundo. Por exemplo, no espazo de construción arquitectas con infografía para realizar construcións imitándoas. Realizamos unha proposta para crear unha ficha bibliográfica de mulleres do mundo consultando un libro da BE, e realizamos unha ficha cómic para poñer en valor os superpoderes das mulleres importantes da nosa vida.

Ademais, en cada ciclo realizáronse sesións onde mulleres da comunidade educativa falaron e fixeron obradoiros en relación a súa profesión (científicas, deseñadoras gráficas, artistas, Cociñeiras)

ABRIL: O MES DO LIBRO, A ESCRITURA E A SÚA EVOLUCIÓN

Ao longo do mes de Abril puxemos en valor o libro, e realizamos diferentes actividades para o fomento da lectura e dar a coñecer o significado desta conmemoración. Nas sesións de biblioteca os tiores leron algunha parte dun exemplar adaptado "Do Quijote".

Nos espazos da biblioteca, propuxese diferentes actividades manipulativas. No espazo de arte a creación de letras con técnicas lettering, Escritura en pergaminos Montessori,

Maletas con obxectos para a creación de narración de historias de xeito cooperativo ou individual.

Iniciouse unha actividade de colaboración co club de lectura Juan XXIII onde se compartiron propostas lectoras sobre as que posteriormente se realizaron contacontos o xincanas lectoras nas que participaron o alumnado de infantil a 4º de primaria.

Realizamos nos patios momentos de lectura compartida e iniciamos o noso espazo de biblioteca de patio.

Convidamos as familias a ler nas aulas os seus contos favoritos en tódalas aulas.

Fixéronse obradoiros onde cada aula creou varios libros intervidos para realizar unha exposición.

MAIO: O MES DAS LETRAS GALEGAS.

Maio foi o mes do galego a lambetadas, o equipo de EDLG, creou as propostas para a BE. Fixéronse recomendacións lectoras en galego, Puxéronse a disposición do alumnado a colección dos bolechas de “escritores galegos”, na mesa de arte púxose unha proposta de creación de pelotas malabares e deuse a coñecer o homenaxeado das letras galegas deste ano. No patio seguimos creando o espazo de biblioteca con literatura en galego e xogos populares.

Tamén se realizaron sesións de contacontos de Paco Nogueiras e Anxo Moure.

XUÑO: “A BIBLIO DE PATIO E PECHANDO MOCHILAS”

No mes de xuño realizamos a última xuntanza de Biblio patio e inauguramos a construción da nosa caseta de Biblioteca de patio coa colaboración, de familias, alumnado e persoal de mantemento do concello.

ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA NA BIBLIOTECA FORA DO HORARIO LECTIVO.

O alumnado de 6º de primaria realizou varias feiras do libro no mes do día do libro e das letras galegas, realizándose tamén uha exposición de libros intervidos creados ao longo do mes de Abril polas aulas de todo o centro.

O alumnado de infantil realizou a súa excursión de final de curso, a un espazo en Nigrán “Donde viven los cuentos” , onde a través dun conta contos viaxaron o mundo do coidado medio ambiental e a sostibilidade.

A nosa Anpa en colaboración co profesorado, realizaron un sábado no mes de Maio, unha andaina, programada dentro do proxecto dos ríos, na que se realizaron lecturas poéticas do alumnado nas diferentes paradas realizadas ao longo do percorrido.

Polas tardes a biblioteca acolleu formacións do plan PFPP do centro, na que o equipo de biblioteca preparou o espazo para a mesma e ademais adquiriu fondos bibliográficos relacionados coas formacións.

Realizáronse charlas e contacontos polas tardes dentro do plan de "Lectura e Familias":
Contacontos , charla literatura en familias, Cerebro e lectura María Couso, Fake news

4.AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES E PREVISIÓNS DE FUTURO

Este curso fíxosenos moi difícil sistematizar a avaliación de cada actividade e proxecto. Realizamos dúas enquisas unha para familias e outra para o profesorado na que houbo pouca participación. Para a avaliación tomaremos como referencia os seguintes criterios de avaliación:

- Fondo catalogados (libros e xogos educativos)
- Nivel de formación de usuarios
- Mellora das competencias en busca e selección de formación.
- Desenvolvemento das actividades programas.
- Mellora das relacións interpersoais, a partir da utilización da BE, como espazo de convivencia.
- Aumentar o interese pola lectura dos nosos alumnos.
- Adaptación das actividades da BE ás necesidades do noso alumnado.

Valoramos positivamente as seguintes accións:

- A creación da comisión de alumnado de biblioteca de patio.
- A creación da comisión de familias.
- Apertura da biblioteca na hora de patio.
- A creación de novos espazos e adquisición de xogos de lóxica matemática e conciencia-fonolóxica.
- A realización de actividades en colaboración con outros centros e clubs lectores.
- A creación do espazo de familias e adquisición de fondos bibliográficos para o mesmo.

Propostas en base as conclusións de avaliación:

- **xestión da biblioteca**

- Catalogación de novos fondos e xogos para os diferentes espazos da BE
 - Empréstamo dixitalizado de fondos
 - Continuar coa colaboración da Comisión de biblioteca de Familias.
 - Crear un itinerario lector.
 - Profundizar na sistematización da formación de Usuarios
- **actividades e proxectos do centro**
- Entrevistas a profesionais relacionados cos nosos proxectos, no espazo da radio.
 - Desenvolvemento das sesións de diferentes proxectos, áreas e materias.
 - Organización de actividades de dinamización da biblioteca e competencia lingüística.
 - Facer unha enquisa ó alumnado para comprobar que coñecen as bibliotecas do noso municipio e dar a coñecer os nosos servizos.
 - Prestar a nosa colaboración as bibliotecas municipais.
 - Fomentar o uso e coidado da nova biblioteca de patio.
- **vida diaria do centro**
- Reunións de equipo (docentes e alumnos).
 - Asembleas para toma de decisións que afectan a vida diaria do centro.
 - Tempo de lecer do noso alumnado dedicado a lectura, xogos de mesa, escoitar música.
 - Formación do profesorado e escola de familias.
 - Actividades de dinamización de lectura para familias e alumnado
 - Visitas de outras institucións compartindo experiencias para o fomento da competencia lectora.

15. DINAMIZACIÓN DAS TIC

Un dos principais obxectivos a realizar neste curso foi o desenvolvemento do Plan Dixital do centro, elaborado no exercicio anterior. Este proceso estivo guiado dende a Consellería por un mentor de referencia e acompañado por formación específica para o profesorado dentro do PFPP.

As TICS están presentes no día a día do CEIP A Rúa, sobre todo en 2º e 3º ciclo, con

maior incidencia nese último, dada a nosa participación en Edixgal.

Durante todo o curso levouse o mantemento dos equipos e solucionáronse as incidencias, contando co apoio da UAC e o servizo Premium, clonáronse todos os equipos de 5º e 6º, así como os ordenadores das titorías, para estar actualizados co último software da maqueta Abalar.

A metodoloxía utilizada no centro fai necesario o achegamento da información ás aulas para poder levar a cabo proxectos, é por iso que hai equipos en distintos espazos:

- Biblioteca: Hai un ordenador específico para a xestión do préstamo dos fondos bibliográficos, outro para proxeccións conectado ao canón de vídeo e un para a sección de robótica. Contamos tamén cunha Tablet para consulta de libros online e unha cámara de fotos.
- Dep. Orientación: Dispón dun equipo.
- Despachos de dirección: Este ano houbo unha renovación de ordenadores para o equipo directivo.
- Sala do profesorado: Os profesores utilizan dous equipos que están conectados á fotocopiadora do centro.
- Radio: Conta con 3 ordenadores, un deles de edición de vídeo (especialmente indicado para a montaxe de Cinema en Curso, proxecto no que o centro leva 10 anos inmerso). Este espazo insonorizouse nos últimos anos dotándoo con novos micros e unha nova mesa de mesturas.
- Aula de música: Dispón dun ordenador.
- Aulas dende 1º a 4º: En cada unha hai dous ou tres ordenadores de mesa para consulta do alumnado e un para o profesor. Este ano, no último trimestre dotouse ás aulas de 1º a 3º de Paneis Interactivos substituíndo ás pizarras dixitais.
- Dotación dun carro de carga e 17 ultraportátiles pola fenda dixital, para utilizar en 2º ciclo.
- Aulas de 5º e 6º: O centro forma parte do proxecto EDIXGAL e tanto alumnado como profesorado contan cun equipo de uso persoal. As aulas dispoñen de PDI e

canón proxeutor.

- Dotación de material de realidade virtual para o Laboratorio e Aula de Ciencias.

Contamos cun servizo externo para mantemento dos equipos e resolución de incidencias técnicas, sen esquecer o asesoramento da UAC. O servizo premium encárgase do mantemento dos ordenadores do proxecto, este ano viñeron en 3 ou 4 ocasións o centro, remprazar equipos e resolveron as incidencias moi rapidamente.

Uso das TIC no centro: Un dos obxectivos do Plan Dixital foi a elaboración da Estratexia Dixital do centro onde debe quedar recollido o uso que imos dar ás TICs.

a) Por parte do alumnado

Co achegamento dos equipos as aulas o acceso as TICS é máis doado.

1º e 2º: As tecnoloxías poden integrarse no seu estilo de traballo por ámbitos..

3º e 4º: Nos preguntouros que se levaron a cabo, o alumnado utilizou a rede para buscar información e empezaron a usar procesadores de textos e programas para elaborar presentacións.

5º e 6º: Os/as alumnos/as utilizaron diversas ferramentas do paquete Linux, durante este curso como audacity, geogebra ou ferramentas de edición de vídeo, tiveron acceso tamén plataformas de almacenamento na nube para a creación de traballos. Empregaron todas as semanas o ppt, para realizar presentacións, algúns fixeron algunhas con Genially, tamén empregaron páxinas para crear cómics como Storyboard, ou plataformas como Filpgrid para gravar audios. Utilizaron tamén diversos recursos interactivos como complementos os contidos traballados, sobre todo <https://es.liveworksheets.com/>, <https://wordwall.net/es>, ou genially.

PROPOSTAS DE MELLORA

Como suxestións de mellora para o vindeiro curso destacamos a necesidade de completar a dotación con paneis interactivos en 4º, 5º e 6º. Por outra banda, sería preciso incluír dentro do PFPP formación específica para o profesorado para poder

cumplir os obxectivos do Plan Dixital e optimizar toda a sección de robótica e realidade virtual.

16. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Para fomentar o coñecemento e uso da lingua galega en todos os ámbitos da nosa comunidade educativa, realizouse un proxecto para desenvolver ao longo deste curso 2022/2023.

Nesta memoria imos presentar as actividades que se realizaron para fomentar o uso do galego no noso centro:

➤ **O día G.-** Todos os venres, toda a comunidade educativa, únese para comunicarnos durante toda a xornada na nosa lingua. Queremos con isto darlle prestixio a lingua galega, sobre todo no aspecto oral.

Non se trata de que só falemos ese día, senón de que nos demos conta de que a nosa lingua na nosa escola estase perdendo e sentimos a necesidade de potenciala.

Deste xeito xuntos loitamos para que esta situación cambie.

Así, todas as tarefas que se realizaron os venres foron en galego: as asembleas ao comezar a mañá, os xogos no patio foron tradicionais... todos queremos que a nosa lingua estea máis presente e viva nas aulas.

Nas aulas realizáronse actividades enfocadas a espertar un maior interese pola lingua e a concienciar da súa importancia para que perdure xeración tras xeración.

Moitas desas actividades do “Venres en galego” podemos velas en

<https://www.instagram.com/ceiparuaogalegoalambetadas/>

Agora ao rematar o curso podemos observar que foi unha actividade moi positiva.

➤ **“Galego a lambetadas”**.- é o espazo que aparece na páxina do cole dedicado a dinamización lingüística. Publicamos nel as actividades que van xurdindo no colexio na nosa lingua. A finalidade deste blogue é revalorizar o galego e facilitar unha maior relación entre toda a comunidade educativa.

Ademais cada semana fomos recollendo as actividades realidades que se desenvolveron na nosa escola e publicando na rede social:

<https://www.instagram.com/ceiparuaogalegoalambetadas/>

➤ **“Recanto punto Gal (. Gal)**

Na escola temos un lugar onde se recollen as novas, traballos, exposicións.... relacionados coas nosa lingua. Está xusto na entrada do centro e é o lugar máis transitado por toda a comunidade e onde todos podemos aportar e participar. Neste lugar estivo a frase coa que demos comezo a este novo curso, dicía así: “Os ríos saben isto: Non hai présa chegaremos alí algún día!”

Durante todo o curso estivo cheo de información e exposicións.... é un lugar de moita actividade para o galego e central na nosa escola.

➤ **“ Mochilas viaxeiras”**.- Xunto co equipo de biblioteca puxéronse en marcha as mochilas viaxeiras coas que puideron desfrutar da lectura o alumnado xunto coas súas familias.

➤ **Contacontos** .- é unha actividade que sempre funciona e na que tanto os que len como os que escoitan desfrutan.

Este curso fixéronse contacontos entre cursos e tamén coas familias que viñeron ao cole.

Tamén veu alumnado do IES ao que estamos inscritos e son exalumnos deste centro a contarlles contos no día da muller o 8 de marzo.

➤ **“ O teatro na Rúa”** deste xeito fomentamos a lectura en galego, traballamos as emocións e ao mesmo tempo comezamos a introducir ao alumnado no mundo do teatro para apreciálo e valoralo. Realizouse a través de dous eixos:

- Contos teatralizados.- onde o alumnado de primaria elaborou pequenas obras teatrais a partir de contos escritos na nosa lingua ou inventados por eles, para dalos a coñecer.

- Teatro locutado.- contamos coa axuda dunha nai que nos veu a ensinar como se facía este tipo de teatro para logo retransmitilo na nosa radio escolar

➤ No tempo dedicado aos **preguntoiros** tamén investigamos e descubrimos utilizando sempre a nosa lingua. O mesmo que no tempo dedicado as asembleas de cada día.

Nos preguntairos contamos coa participación de varias familias que compartiron con nós as súas experiencias xa fora do mundo laboral como de afeccións.

➤ **Mellora da Horta**.- ademais das legumes e hortalizas que sementamos na nosa horta, traballamos as plantas medicinais de Galicia. Investigamos nas clases sobre elas e para que servían. Elaboramos traballos de investigación sobre estas plantas.

Tamén visitamos “ O Verxel.” lugar dedicado ás plantacións para que nos orientaron sobre a agricultura ecolóxica e sostible e como debiamos plantar na nosa horta.

➤ **Día de Rosalía de Castro.**- nas diferentes aulas traballamos diferentes textos desta autora, e escoitamos algúns dos seus poemas musicalizados. Eliximos un poema por cada ciclo e preparámolo para logo ir gravar á nosa radio. Coa gravación fixemos uns códigos QR e fómolos espallando polos comercios e locais da nosa localidade.

➤ **Festas tradicionais:**

• **Samaín.**-

Polo Samaín, nas aulas traballamos a emoción do medo a través de textos. Algúns mestres contaron para todo o alumnado contors que nos metían moito medo. Fixemos exposicións de cabazas e algunhas actividades relacionadas con elas como receitas, menús...onde a cabaza era o produto estrela.

• **Magosto.**-

Neste curso volvemos a retomar as romarías do magosto. Este ano celebramos a V Romaría do magosto da Rúa” onde toda a comunidade educativa participou en xogos, baile, música, doces... tradicionais. E para rematar a degustación das castañas.

• **O Nadal**

“O Ano Vello na Rúa”.- Celebramos a festa deste día xuntos alumnado e profesorado. As familias tamén se uniron a esta celebración e decoramos todos xuntos unha rúa da nosa localidade e unha carroza para o desfile do nadal de Cangas “Nadal con vida”

Na árbore da entrada tamén puxemos mensaxes de nadal na nosa lingua.

• **“VI Entroido na Rúa”.**-

Aprendemos como se celebra esta festa en diferentes pobos de Galicia e construímos o noso propio disfraz para celebrar todos xuntos e desfilarmos, xunto coas familias e veciños, ao son da música de dous gaiteiros polas rúas do pobo.

• O día da **“Candeloria”** o 14 de febreiro o alumnado creou poemas en galego relacionados con este día e

- **Guías de lecturas e música para o Nadal.**- en colaboración con outros centros do Morrazo recolleamos publicacións do último ano na nosa lingua, e que nos parecen interesantes para o noso alumnado e familias, poñémolas en común e elaboramos unhas guías que demos a coñecer entre a nosa comunidade educativa.
- **Semana do libro.**- No noso centro na semana do libro, os libros saíron ao patio. Alí o alumnado compartiu as súas lecturas con outros compañeiros doutros cursos e en varias ocasións con familiares que viñeron pare ler ao seu carón ou para lerlles algún conto. Nesta semana realizamos unha actividade xunto con persoas da asociación Juan XXIII para dinamizar a lectura.
- **Mes das Letras galegas 2023 na Rúa.**- Este ano celebramos o mes das Letras Galegas con distintas tarefas para investigar sobre o homenaxeado este curso: Francisco Fernández del Riego. Durante todo mes tivemos actividades relacionadas coa nosa cultura. Ao comezar e rematar ás clases sonaba no noso cole música galega, nos recreos houbo xogos tradicionais e baile galego. Tivemos unha actuación musical a cargo de O Rabelo
- **Roteiro poético polo río Saiñas**
- **Cinema en curso.**- O alumnado de 6º participou no Plan Proxecta Cinema en Curso, realizando unha curta “As distancias”. Todos pasan por todos os roles: director/a, cámara, script, sonidista... e todas as decisións se toman por consenso. Un traballo emocionante e moi enriquecedor no que o galego está presente en todos os textos e no traballo oral.
- **Correlingua.**- participamos na festa da lingua na comarca en colaboración cos centros do Morrazo.
- **Enredanzas.**- o alumnado de 4º de primaria participou co alumnado doutros centros da comarca
- Na Rúa **“Na rúa sabémolo”**.- seguindo un pouco o formato do programa da TVG “Dígocho eu”, o alumnado de 5º de primaria foi analizando vocabulario relacionado con algunha temática como o samaín, entroido....

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso 2022-2023, o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares seguiu as directrices do Plan Anual de Centro e o proxecto de traballo

proposto a principio de curso.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO PRIMEIRO TRIMESTRE

- Saída “Cinema en Curso”. A Coruña.
- Saída en bus a Cangas. Coñece a túa vila.
- Mes da Ciencia en galego nas bibliotecas (novembro).
- Magosto (novembro).
- Samaín. Ambientación da entrada do centro, contacontos...
- Actividades para traballar contra a violencia de xénero (25N).
- Festa de fin de ano.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO SEGUNDO TRIMESTRE

- Entroido. Semana do 13 ao 17 de febreiro. Realizáronse obradoiros (cociña, máscaras, maquillaxe, pintacaras, photocall...) e unha saída arredor do cole cas familias e con animación musical.
- Día de Rosalía. Saída pola vila de Cangas a deixar en algúns comercios un código QR (poemas de Rosalía de Castro con son).
- Saída á Lonxa de Bueu (22 de marzo). Aliméntate ben. “Ti es un bo peixe”.
- Saída. Limpeza da praia (29 de marzo). 3º e 4º.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO TERCEIRO TRIMESTRE

- Saída ao CUVI (5º e 6º). O Bosque Atlántico.
- 1º ciclo. Saída ao auditorio de Cangas (película) e a unha panadería.
- Andaina poética (13 de maio).
- Excursión de 1º e 2º á granxa-ecoparque Atalaia.
- Saída a A Coruña. 2º ciclo (9 de maio).
- Correlingua en Moaña (25 de maio).
- Visita ao IES de Rodeira (6º).
- Saída a unha fábrica de galletas en Porriño (Biscuits Galicia). 1º ciclo.
- Viaxe de estudos a Madrid. Alumnado de 6º. Do 11 ao 15 de xuño.

- Saída de 6º. A Coruña. Visionado grabación do traballo.
- 3º ciclo. Saída a Cangas. Actividade de remo (20 de xuño)
- Excursión de Educación Infantil (21 de xuño)

18. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

No centro participamos no **CPInclúe**, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades. Por iso participamos dende o centro en 4 das súas 5 iniciativas:

1. IGUÁLA-T.

As charlas da asociación Nós mesmas, impartidas dende Infantil a 6º de Primaria foron moi produtivas, para visualizar o colectivo. Os libros comprados foron moitas veces emprestados.

No mes de marzo na biblioteca celebrouse o mes da muller traballadora, facendo obradoiros dende Infantil a Primaria. O 1º ciclo fixo un obradoiro de arquitectura, cunha nai arquitecta; 2º ciclo contamos cunha nai científica e no 3º ciclo contamos cunha nai que traballa no ámbito audiovisual.

Realizamos unha teatralización do libro "A xoia interior" de Anna LLenas, para o 25 N, no que viaxamos a Cangas, para explicar a importancia de coidar a nosa xoia interior e non deixar que ninguén consiga anulala, ou facela desaparecer.

Realizouse tamén unha charla práctica, impartida por Ciencias en Movemento, sobre motores para 5º e 6º, para visibilizar o traballo das mulleres na ciencia.

2. CONVIVE-T.

- Realizamos formación en círculos restaurativos e realizamos un coas familias que foi moi positivo, achegounos máis porque permitiu coñecernos doutro xeito e saber cousas das familias nun ambiente máis distendido.
- A escola de familias funcionou un martes quincenal, sendo clave tamén na convivencia escolar.
- Outras xuntanzas realizadas tamén contribuíron a isto como: Andaina poética, batidas de limpeza de pais, mestre e alumnado no río, charlas de lectoescritura, obradoiros de mates manipulativas, así como as actividades realizadas na biblio de familias...
- Todos os luns os pais e nais do centro, participaron na construción da horta infantil, axudados por unha nai que era enxeñeira agropecuaria.
- A mediación foi clave e compráronse libros e elementos para esta aula, moitos deles creados tamén polos nen@s.
- Co Proxecto Cinema en curso de 6º, realizáronse convivencias con outros centro que estaban no mesmo proxecto, tanto en A Coruña, como na súa viaxe a Madrid, todas estas experiencias e días de gravación, uniron máis o grupo clase, tendo que convivir en distintos espazos e situacións.

3. INCLÚE-T.

- Fixéronse varios obradoiros co alumnado que influíu no patio: unha comisión para a creación da biblio de patio, na que había un representante de cada cursos, que falaba coa aula e despois comunicaba as propostas da aula á comisión e posteriormente as decisións tomadas na comisión da súa aula, creando dende o propio espazo, normas.. tamén se elaboraron bocetos de patio ideal, este traballo tivo maior incidencia en 1º ciclo, así como o obradoiro no que exploraron distintos materiais de construción para usar no patio (tipis...), a restauración de elementos de xogo como cociñas ou a estrutura do tobogán.
- Por outra parte o traballo de Preguntoiros é inclusivo, mesturando a alumnado de distintas etapas e niveis, para traballar colaborativamente.
- Realizouse un concerto a prol da inclusividade, levado a cabo polo "Rabelo", no que participou Infantil e Primaria, que ademais de visibilizar o colectivo LGTVIQ, tamén

realizaba unha labor lingüística a prol do galego e as súas costumes.

4. EMOCIÓN-T

- Este ano a asociación Wellness, traballou cos curso de 1º a 4º, traballando, relaxación, atención, respiración, así como o vinculo na aula. Foi unha actividade increíble, que encantou a alumnado e mestres.

- A s familias coma sempre neste centro, son a clave, polo que ademais de preparar un espazo para estas, contamos en moitos momentos coa axuda deles: contar contos, participar no magosto, realizar unha actividade de reciclado de libros vellos, montaxe da biblio do patio... ou outras propostas artísticas que partiron de actividades extraescolares, vinculadas tamén as familias, como o proxecto corazón: que foi colocado polas paredes do patio, con mensaxes positivas, este vinculo familia- escola e saber que eles se sintan coma na casa, emocionalmente axuda o traballo diario do alumnado..

Por outra banda tamén participamos nos **Contratos-Programa Innova (CPIInnova)** trata de constituir un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora que permita, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, as competencias clave, afondando no logro da excelencia educativa, incentivando o talento do seu alumnado, promovendo hábitos de vida saudables, impulsando unha educación para o desenvolvemento sostible..., nesta modalidade participamos en 4 das súas 5 modalidades:

1. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente. (EDUINNOVA): Neste ámbito fixamos obxectivos na:

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA/ CIENCIA....**: Realizando formación aos pais de 1º A 4º, na metodoloxía manipulativa empregada na área de matemáticas, esta charla incluía un libro elaborado polo centro, coas indicacións sobre cada curso e como realizar as operación básicas seguindo esta metodoloxía. Consideramos que esta formación foi positiva. Durante o primeiro trimestre, estívose baleirando un aula, para convertela no novo espazo científico, que xa comezou a funcionar no segundo trimestre; compráronse materias novos en realidade aumentada, unha nova estación meteorolóxica... Tamén se mercaron novos xogos matemáticos e de lóxica. Por outra banda no corredor do centro creouse un espazo de xogos, nos que existen xogos matemáticos, xadrez.. e outro de construción, asi como na entrada do centro un espazo matemático máis empregado por alumando de 1º ciclo.

- COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: Existen xogos no corredor e tamén na biblioteca, este material renovouse moi afondo, despois da charla de “Cerebro e xogo” de María Couso, na que se nos recomendou xogos lingüísticos para as distintas idades, que agora temos rexistrados na biblio a disposición de todos/as. Ademais de dar unha charla formativa as familias e mestres/as, a cargo de María Couso. A maiores creouse unha biblio no patio, que comezará a usarse o vindeiro ano, xa que este ano foi ano de creación, partindo todo o proxecto dunha Comisión de Biblioteca, da que formaban parte o alumnado de todos os ciclos e etapas.

- Mercouse unha tablet para a biblio, que tanto foi empregada para competencia científica en xogos de realidade aumentada, como para a realización dos Booktubers que serviron para dinamizar a biblioteca do centro e dar máis impulso a libros de poesía, teatro ou biografía, que eran os menos escollidos polo noso alumnado.

2. O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento. (EDUEXCELENCIA): Este ano afondamos no tema da lectoescritura e o emprego de xogos para estimular á mesma, co curso de María Couso foi imprescindible e axudounos a variar moitas pautas de mellora no noso traballo, facendo maior incidencia en Infantil e 1º ciclo. Por outro lado o alumnado de 1º ciclo, no ámbito de ciencias naturais e sociais, afondou no tema dos oficios, indo a visitar unha panadería artesá da zona onde fixeron galletas a despois ver a produción masiva de galletas ,e a parte máis industrial do proceso, na visita a Biscuit Galicia. tamén 2º ciclo recibiu unha charla sobre como é o proceso do enlatado de atún. En 3º ciclo de Primaria creáronse Booktuber, StopMotion, actividades de realidade aumentada...

3. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables. (EDUSAÚDE):

No centro estivemos no programa aliméntate ben, con programas como “Fai Clic o teu bocata”, “Ti si que es un bo peixe” que estivo relacionada coa saída a lonxa de Bueu de 1º e 3º curso, ou á visita de Cangas no 3º ciclo ao final de curso. Tamén os almozos saudables previstos ao final non puideron ter lugar por un problema no calendario de organización da enfermeira que levaba o programa; o reparto de froita dúas veces neste curso para potenciar o seu consumo ao igual co de leite ou a visita ao ECOparque Atalaia, na que ademais de plantar produtos ecolóxicos, igual que facemos no horto do

centro escolar, visitaron e coidaron animais e pasearon pola contorna... xa que o contacto cos animais ao igual ca natureza, contribúe tamén na saúde das persoas, de aí que nós potenciamos os paseos pola contorna e o emprego de elementos naturais no proceso didáctico realizado co noso alumnado.

De igual xeito Infantil ademais de traballar intensamente o horto coas familias que colaboraban nel todos os luns, acompañados por unha nai que era enxeñeira agropecuaria; visitou “O Verxel de Coiro” horta de confianza que naceu como un proxecto agroecolóxico a procura dun modo de vida digno, con compromiso ético, de responsabilidade compartida entre produtor@s e consumidor@s e respecto polos recursos naturais.

4. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). (EDUSOSTIBILIDADE):

Neste apartado estabamos centrados nos arredores do colexio, conseguimos que se fixeran dúas batidas de limpeza do río coa familias, potenciando os paseos pola natureza, como a andaina poética do 3º trimestre polo río, no que nalgúns tramos se recitaron poesías. No que participaron todos os cursos.

Infantil colaborou máis na horta e na ecoloxía sustentable, traballando coas familias e comprando materiais novos e materiais para plantar. Ademais de visitar como xa nomeei “o verxel de Coiro”, que é un proxecto agroecolóxico.

1º ciclo fixo experimentos sobre o río con Ciencia en movemento e 2º Ciclo saíu a limpar as praias no 2º trimestre, quedándolles pendente a visita de Augas de Galicia, para finais de setembro do curso que ven, porque por motivos persoais a persoa adicada a iso non puido vir. Tamén en 3º ciclo potenciouse o coñecemento do bosque Atlántico e das especies que son autóctonas e as que non, falando tanto de fauna como de flora, porque son aspectos que van unidos. Para iso tiveron un día de charla e outra de visita ao CUVI, onde no seu bosque puideron coñecer o aprendido na charla.

Ademais escollimos continuar no **Proxectas** de:

Cinema en Curso.

Alimentate Ben.

E iniciarnos nos Proxecto Ríos.

Proxecto Paisaxe e sustentabilidade.

Durante este curso integramos as actividades dos catro proxectas citados, nos

CPINCLÚE E CPINNOVA

19. SECCIÓNS BILINGÜES

O presente curso escolar 2022-2023 foi o noveno da implantación das Seccións Bilingües no noso centro. Leváronse a cabo en 5º e 6º de Primaria na área de Ed. Plástica. Desta forma queda explícita unha das liñas esenciais de actuación marcada na PXA referida ao desenvolvemento da competencia comunicativa en linguas estranxeiras por parte do noso alumnado. Consideramos fundamental o uso do inglés de forma oral e a súa presenza en todos os aspectos da vida diaria de centro. Os obxectivos establecidos a principio de curso cumpríronse satisfactoriamente xa que os alumnos/as melloraron nas súas destrezas comunicativas. Hai que destacar que este curso tivemos á mesma auxiliar de conversa do curso pasado quen colaborou con nós en todas as actividades levadas a cabo no centro e axudou ao alumnado a mellorar na súa competencia lingüística. Acompañou ás profesoras de inglés nas súas clases de inglés e á profesora Clil na sección bilingüe de plástica en 5º e 6º de Primaria (1 hora semanal) sendo un total de 8 horas semanas compartida co IES Johan Carballeira de Bueu. O alumnado seguiu con facilidade as explicacións e non afectou á adquisición dos coñecementos adquiridos na materia bilingüe. Realizáronse reunións semanais entre a coordinadora e a auxiliar tratando temas como: organización das actividades a realizar, metodoloxía, avaliación, programación... A interacción alumnado-auxiliar foi extremadamente importante, motivadora para os alumno/as e clave para a progresión da súa comprensión e expresión oral. A auxiliar de conversa constituíu un pilar fundamental. Grazas a ela se conseguiu crear un clima que favoreceu as situacións reais de comunicación. Ademais da axuda lingüística, tamén colaborou na elaboración de material, na proposta de actividades e incluso como axuda na avaliación

das destrezas orais. A experiencia resultou moi positiva. Os alumnos/as estiveron moi motivados favorecendo así a aprendizaxe da lingua estranxeira. A presenza do auxiliar tamén supuso para as mestras unha axuda importante á hora de actualizar os nosos coñecementos da lingua. Debido a un problema de forza maior a auxiliar tivo que abandonar o programa o día 4 de febreiro. Isto supuso que non fora posible a asignación dun novo/a auxiliar e que non lle poideramos quitar todo o aproveitamento posible debido á súa ausencia.

O proxecto parte da base de que en toda clase hai alumnado con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación e persigue o obxectivo de que todos e todas participen no proceso de aprendizaxe. O equipo docente participante no programa coa correspondente acreditación en lingua estranxeira: inglés, como profesorado especialista ou profesorado DNL é o que figura a continuación, aínda que todo o profesorado do centro, dun modo ou outro, está implicado no proxecto.

Coordinadora: Montserrat Sotelo Fandiño

Profesora Clil: Ana Portas Barreiro

Auxiliar de conversa: Shanique Lovelace

Para o vindeiro curso continuaremos coa sección bilingüe en 5º e 6º de Primaria e contaremos coa presenza dun novo/a auxiliar de conversa

